Unidade didáctica:

Emilia Pardo Bazán

XUNTA DE GALICIA

Índice

1. PRESENTACIÓN 3
2. XUSTIFICACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA 4
3. ALUMNADO DESTINATARIO 5
4. TEMPORALIZACIÓN 5
5. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS 6
6. CONTIDOS. CARPETA DE MATERIAL PARA O PROFESORADO 8
7. INTEGRACIÓN CURRICULAR 30
8. COMPETENCIAS CLAVE 31
9. METODOLOXÍA 32
10. RECURSOS 33
11. ACTIVIDADES 35
12. ADAPTACIÓN POR NIVEIS DE COMPETENCIA 53
13. RÚBRICA DE AVALIACIÓN 56
14. SELECCIÓN DE BIBLIOGRAFÍA SECUNDARIA 59

1. PRESENTACIÓN

O destino de Emilia Pardo Bazán (1851-1921) é un exemplo extraordinario do que os prexuízos son capaces de facer, mesmo, a persoas de excepcional valía: non só porque o feito de ser muller lle produciu en vida non poucos contratempos e desgustos, senón tamén porque, despois de morta, boa parte do seu inxente labor foi silenciado ou minimizado. Personalidade poliédrica de cuxa vida se afirmou que constitúe unha das súas mellores obras, Pardo Bazán foi escritora —non só novelista, senón tamén autora teatral e poeta—, crítica e historiadora da literatura, tradutora, xornalista e comentarista política.

A un tempo aristócrata e liberal, reaccionaria e progresista, intimamente unida a Galicia, pero europeísta e cosmopolita, conservadora e adiantada á súa época, católica e iconoclasta, Emilia Pardo Bazán tivo que sortear no seu tempo multitude de obstáculos para poder afirmarse como persoa, muller e escritora. A pesar das vantaxes das que sen dúbida gozou, debeu de enfrontarse a non poucas dificultades. Combativa, valente e asertiva, a algunhas delas reaccionou de forma rotunda, converténdose nunha defensora sen sécolas do feminismo, dos dereitos e da emancipación das mulleres.

A celebración dun aniversario —neste caso, o centenario do seu falecemento— adoita constituír unha ocasión para conmemorar un acontecemento na vida dun individuo ou dunha sociedade. Non obstante, pode ser tamén unha oportunidade para reencontrarnos con alguén a quen moitas persoas aínda descoñecen. Á vez que rememora a vida e a obra dunha intelectual galega de alcance internacional, que viviu dacabalo entre os séculos XIX e XX, é a aspiración do presente centenario reivindicar e redescubrir unha figura polifacética. Emilia Pardo Bazán é moito máis que unha creadora de ficcións que pertence por dereito propio ao canon literario europeo; é tamén unha personalidade que deixou o seu sinal na sociedade na que viviu e que, en varios aspectos, resulta ser plenamente contemporánea, podendo aínda interpelarnos en máis dun sentido.

2. XUSTIFICACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A dedicación dunha unidade didáctica específica á figura de Emilia Pardo Bazán xustifícase plenamente desde diversos elementos do currículo. Desde a fonte epistemolóxica, os propios estudos literarios reivindicaron nas últimas décadas a atención ao canon silenciado, ás obras de autoras que, ao longo da historia, padeceron múltiples formas de exclusión ou de xuízo nesgado na historiografía literaria. Dentro das figuras canónicas, no estudo en perspectiva histórica que o alumnado inicia en 3.º da ESO e continúa en 4.º e o bacharelato, ata o momento en que irrompen as figuras de Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán, apenas se atopan algúns casos illados como Santa Teresa de Jesús ou Sor Juana Inés de la Cruz. Aínda que nos últimos tempos modernizouse a nómina canónica para integrar a figuras como María de Zayas ou Clara Catalina Guzmán, non cabe dúbida de que o século XIX é esencial na incorporación da muller á escritura e se hai unha figura destacable polo seu talento literario, o volume e calidade da súa produción é Emilia Pardo Bazán.

Como autora galega, o seu estudo xustifícase especialmente no noso contexto, e préstase a un tratamento integrado xunto con Lingua Galega e Literatura que poña o foco en dúas grandes escritoras, Rosalía de Castro e a propia Emilia Pardo Bazán. Ambas mostran que en Galicia tamén se manifestou, e de modo notable, a incorporación da muller á escritura, dentro dun fenómeno global que conecta, noutras literaturas, con figuras tan relevantes como Mary Shelley, George Eliot, Jane Austen, as irmás Brontë ou George Sand.

Deste modo, a forte representatividade de Emilia Pardo Bazán na produción literaria do seu tempo; a súa condición de escritora nun momento decisivo para a incorporación da muller á creación literaria; a súa aguda conciencia de xénero, convértena nunha figura ineludible no noso contexto educativo e no actual marco curricular.

A unidade formulouse tendo en conta o enfoque competencial do currículo, e atendeuse especialmente á competencia en comunicación lingüística, á competencia en conciencia e expresións culturais e á competencia social e cívica. Pero ademais queremos insistir na conexión con elementos transversais de relevancia no currículo, particularmente o punto 2 do artigo 4 do Real decreto 86/2015: "A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social", un elemento transversal de relevancia fundamental para o desenvolvemento da competencia social e cívica.

Ao longo da unidade o foco foi posto, de forma intencional, no posicionamento explicitamente feminista de Emilia Pardo Bazán, o que permite darlle pleno desenvolvemento a este elemento transversal. Foi a propia Emilia Pardo Bazán a que creou o concepto "mujericidios", e cambiou así, a través da denominación, a percepción do fenómeno da violencia de xénero, que ata entón quedaba oculta baixo termos como "crimes pasionais" ou "crimes de honra", cuxo castigo legal

era moi pouco rigoroso. A representación das diversas formas de violencia de xénero na súa obra, tanto nas novelas como os contos, e mesmo a súa intervención pública sobre a cuestión en artigos de prensa, constitúe un vehículo privilexiado para penetrar dun modo profundo, reflexivo e educativo nestas cuestións, e aproveitar plenamente o enorme potencial sociolóxico do texto literario.

Deste xeito, a unidade que aquí se recolle responde ao obxectivo que na introdución ao desenvolvemento do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura se establece para o bloque de Educación Literaria: "facer dos/as escolares lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en español".

3. ALUMNADO DESTINATARIO

A presente unidade didáctica está destinada, prioritariamente, ao alumnado de **1.º de bacharelato e 4.º de educación secundaria obrigatoria (ESO)**, debido a cuestións curriculares. Con todo, o decisivo papel que Emilia Pardo Bazán desempeñou a favor dos dereitos e a educación da muller, así como a súa personalidade e traxectoria de excepcional valía, fai que, desde a temática da igualdade, esta unidade se poida levar tanto a alumnado doutros niveis a materia de Lingua Castelá e Literatura, como de maneira transversal a outras materias, especialmente a materia de libre configuración *Coeducación para o Século XXI* de 1.º de bacharelato.

4. TEMPORALIZACIÓN

Esta unidade didáctica non se limita a levar á aula a obra narrativa de Emilia Pardo Bazán, senón que, de forma ambiciosa e deliberada, busca que o alumnado descubra unha autora dun extraordinario valor, máis alá do literario. Incídese, pois, no seu labor divulgativo, o seu papel como crítica literaria e o seu activismo a favor da igualdade de xénero, nas súas máis diversas formas.

Conscientes da potencialidade da materia tratada, esta unidade didáctica está pensada para oito sesións. Porén, proporciónaselle ao profesorado unha ampla e rigorosa carpeta de

contidos coa finalidade de que realice a selección que considere máis adecuada para o seu nivel educativo e o seu/s grupo/s. Así mesmo, ofrécese unha variedade de actividades de distinta temporalización que recollen tanto os temas máis estritamente literarios como os de cuestión de xénero.

5. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

Directamente relacionados coa unidade didáctica están os seguintes **obxectivos xerais**:

OBXETIVOS XERAIS ESO:

- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. - Coñecer mulleres e homes que realizasen achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, coa utilización de diversos medios de expresión e representación.

- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, e desenvolver actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

OBXETIVOS XERAIS BACHARELATO:

- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de maneira solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Obxetivos específicos:

- Coñecer a figura de Emilia Pardo Bazán.

- Situar cronoloxicamente o Realismo e o Naturalismo e identificar os seus trazos principais nun texto narrativo.

- Comprender as diferenzas entre Realismo e Naturalismo. Distinguir un texto realista dun texto naturalista.

- Coñecer a obra narrativa de Emilia Pardo Bazán.

- Comprender o pensamento e a loita de Emilia Pardo Bazán a favor da igualdade.

6. CONTIDOS. CARPETA DE MATERIAL PARA O PROFESORADO

EMILIA PARDO BAZÁN (A Coruña 1851-Madrid 1921)

A. NOTAS BIOGRÁFICAS

Emilia Pardo Bazán y de la Rúa-Figueroa naceu o 16 de setembro de 1851 na Coruña, no século que marca a incorporación da muller á creación literaria, con autoras como Mary Shelley, Jane Austen, George Eliot, George Sand ou as irmás Brontë. Emilia Pardo Bazán é, xunto con Rosalía de Castro, a mostra de que Galicia tamén entra con forza neste cambio significativo con respecto á presenza da muller no campo da creación literaria.

Desde moi nova, Pardo Bazán foi unha nena de marcada personalidade cun claro afán por aprender. No seo dunha familia podente, pasou a súa infancia entre A Coruña e Madrid, debido ás tarefas políticas do seu pai; home especialmente preocupado pola formación e educación da súa filla. Segundo ela mesma indicou, aprendeu máis da biblioteca da súa casa na Coruña que do colexio francés para señoritas ao que asistiu en Madrid, pois entón a educación das nenas estaba orientada a converterse nun adorno necesario para o matrimonio.

Aínda que, seguindo os costumes da época, Emilia Pardo Bazán casou moi nova, as diferenzas co seu marido con respecto ao papel que a muller debía desempeñar no seo da sociedade e do matrimonio acabaron coa súa relación. A partir de entón, o seu firme compromiso cara á súa carreira literaria e o seu desexo de manterse de maneira independente grazas á súa dedicación á escritura fixéronse aínda máis firmes.

Emilia Pardo Bazán debeu loitar contra moitos prexuízos da época que obstaculizaron o recoñecemento dos seus méritos e da súa valía. Avanzada e belixerante, en 1891 foi a única representante española nas sesións de traballo da *Asociación para o Progreso e a Cultura* que se desenvolveron en Oxford. Así mesmo, con ocasión da Exposición en París de 1900 participou a título persoal nos traballos do Congreso radical feminista.

Pugnou por ingresar na Real Academia Española, o cal non conseguiu, precisamente pola súa condición de muller. Cando finalmente retirou a súa candidatura, insistiu en que, aínda que o facía a título persoal, seguiría reclamando o dereito das mulleres para acceder ás academias "mentres existisen academias no mundo" e apoiou a Concepción Arenal para a obtención deste recoñecemento. Emilia Pardo Bazán si alcanzou outros méritos notables: foi a primeira muller en presidir a sección de literatura do Ateneo de Madrid, a primeira en obter o nomeamento de conselleira de Instrución Pública e a primeira catedrática de Literatura Contemporánea de Linguas Neolatinas da Universidade Central de Madrid, aínda que pronto se encargaron de que quedase sen alumnos. En 1908, Alfonso XIII ratificou o título de conde de Pardo Bazán que xa tiña o seu pai, honra que recaía por primeira vez nunha muller.

Consciente de que as barreiras que rompía e os recoñecementos que alcanzaba formaban parte do camiño cara á igualdade, ela non cedeu na súa loita en favor da educación da muller, non só desde a pluma senón tamén desde a acción directa. Un exemplo diso será a posta en marcha, no verán de 1904, da "primeira colonia escolar mixta" na Coruña, adiantándose así á Institución Libre de Enseñanza que, por entón, só organizaba este tipo de actividades para mozos. Na loita feminista declarou estar disposta a deixar "*Hasta la última gota de tinta*". E así o fixo ata o seu falecemento o 12 de maio de 1921. Como ela mesma declarou, a súa vida sería moi diferente se se chamase Emilio.

B. FORMACIÓN E EVOLUCIÓN DE EMILIA PARDO BAZÁN

Emilia Pardo Bazán pode considerarse, sen ambaxes, unha humanista de pleno dereito. Lectora voraz desde nena, empeza a escribir os seus primeiros poemas e relatos con tan só catorce anos. Rapidamente inclínase cara aos grandes líricos do Romanticismo español e francés, á vez que se deleita coas obras dos clásicos. Admiradora de Frei Luís, Garcilaso de la Vega, Miguel de Cervantes, Charles Dickens ou William Shakespeare, moi pronto se sente atraída pola filosofía. A súa innata curiosidade lévaa non só a Aristóteles, Platón, Agustín de Hipona ou Tomás de Aquino, senón tamén a Spinoza, Kant, Schopenhauer ou Spencer, forxando así os cimentos dunha ampla bagaxe filosófica, clave na súa concepción estética e literaria. Entusiasta por natureza, céntrase afanosamente na lectura das últimas correntes literarias e filosóficas, á vez que saborea o intercambio de ideas; sempre preocupada por forxar unha opinión formada e rexeneradora. Establece amizade con Francisco Giner de los Ríos, fundador da Institución Libre de Enseñanza, con quen mantén unha nutrida relación epistolar. Aínda recoñecendo a valía das súas ideas, mantivo serias discrepancias ideolóxicas co Krausismo. Desde moi nova cultivou relacións intelectuais e literarias impensables para unha muller da época. A súa condición feminina dificultou, en non poucas ocasións, a súa incursión nos foros do momento, marcados por unha dominante condición masculina. Con todo, a súa paixón e perseveranza levárona a ocupar un posto propio, aínda coa reticencia duns cantos que non dubidaron en minimizar a súa valía, caricaturizándoa como unha entremetida.

A figura do Padre Feijoo, o gran representante galego da Ilustración, serviralle de guía e exemplo. Feijoo, defensor da muller, da educación e da loita contra o dogmatismo, á vez que gran divulgador da ciencia experimental, representa varias das pugnas que acompañarán a Emilia Pardo Bazán ao longo da súa vida. Non é casualidade que a súa primeira publicación significativa sexa *El estudio crítico de las obras del padre Feijoo*, presentada en 1876 aos Xogos Florais de Ourense. Así mesmo, o título da revista que crea en 1891 resulta máis que revelador: *Nuevo Teatro Crítico*, tributo ao *Teatro Crítico Universal* do Padre Feijoo.

No que respecta á súa evolución artística e estética, destaca a súa innata faceta renovadora. Muller dificilmente clasificable, a crítica tendeu a limitar excesivamente a súa ampla bagaxe literaria, circunscribíndoa a "autora naturalista" ou "autora realista de trazos naturalistas". Ela foi moito máis. Certo é que a potencialidade da súa obra narrativa, encabezada por *Los Pazos*

de Ulloa, pero tamén por un extenso número de relatos, marcou a súa recepción crítica. Antes de centrarse na lectura da novela realista europea, xa se empapou da narrativa contemporánea española, con Benito Pérez Galdós, Juan Valera e Pedro Antonio de Alarcón á cabeza. O descubrimento da novela francesa realista, en 1880 por mor dunha estancia termal en Vichy, así como o contacto directo cos postulados de Émile Zola, levárona a afanarse activamente na difusión das novas correntes literarias e a disertar sobre a novela contemporánea. As súas ideas marcaron boa parte do intenso debate que tivo lugar na época sobre o Realismo e o Naturalismo. Grazas ás súas estancias en París, en 1885 coñeceu a novela rusa, da que será unha profunda admiradora e que lle permitirá perfilar a súa concepción narrativa a favor dun realismo espiritualista.

Emilia Pardo Bazán, sempre atenta e receptiva ás novidades literarias, científicas e sociais, non cesa de evolucionar. O pesimismo típico do noventa e oito vai calando paulatinamente nos seus escritos, unidos a unha aceda crítica social e unha idea de decadencia española cada vez máis presente. Cara a 1893 xa se manifesta cada vez máis escéptica con relación ao destino da novela. En decembro dese mesmo ano vese obrigada a publicar o último número da súa revista *Nuevo Teatro Crítico*, empresa á que consagrou un extraordinario esforzo económico e persoal. Baixo o título de "Despedida" laméntase de que "*nuestra patria se ha despegado bastante de la literatura*". A decadencia do país implica que "*España no está para literaturas, artes y ciencias", pois "la obra sale a la plaza entre el silencio de la multitud*".

Os distintos foros públicos aos que Emilia Pardo Bazán é convidada ofreceranlle a oportunidade de profundar en inquietudes históricas e sociais. Nesta liña atópase a súa conferencia do 18 de abril de 1899 na prestixiosa *Société de Conférences* parisiense. Así mesmo, o discurso inaugural que pronunciará no Ateneo de Valencia, o 29 de decembro de 1899, estará marcado por unha profunda inquietude sobre o destino nacional, onde recolle o ton e as reivindicacións da denominada Xeración do 98. Proseguen estas preocupacións no discurso dos Xogos Florais de Ourense en 1901. Este período finisecular caracterizarase por unha maior proliferación de textos ensaísticos en detrimento da ficción, xa fosen conferencias ou artigos xornalísticos. Corren tempos escuros aos que Pardo Bazán non resulta allea.

A principios de século, superada a etapa máis aceda finisecular, Pardo Bazán interésase polas novas derivas literarias. Achégase con curiosidade ao Modernismo e entra en contacto coa Renaixença catalá, e mantén unha notable amizade con Narcís Oller. A última etapa novelística da autora caracterízase por un marcado sinal espiritualista, así por como a intensa dedicación á escritura de contos e relatos curtos, tan frecuentes na prensa periódica.

Ao longo da súa apaixonante vida non cesou de ser o que hoxe denominariamos unha activista cultural e unha muller emprendedora. Asidua a estreas teatrais, organizaba e asistía a faladoiros onde non faltaban os máis insignes escritores, artistas e intelectuais da época, incluíndo políticos como Cánovas. Foi afeccionada á arte. Publicou en prensa máis de mil cincocentos artigos, ademais de escribir libros de viaxes e obras de teatro. Fundou dúas revistas, traduciu e publicou obras estranxeiras. A súa vocación social explica o seu interese

pola divulgación do coñecemento. A súa notoria presenza na tribuna pública brindaralle non poucas oportunidades para difundir e defender as súas avanzadas ideas.

A temática da muller, nas súas máis diversas vertentes, é un dos eixos da súa narrativa. A través de personaxes femininos aborda temas relacionados co dereito á educación, coa sexualidade ou coa violencia de xénero, e eríxese como portavoz informada, á vez que sensible, do feminismo. Así, nun artigo titulado "*[El feminismo] es la única gran conquista de la humanidad (la más trascendental, de fijo, en los resultados y en su alcance) que se habrá obtenido pacíficamente, sin costar una lágrima ni una gota de sangre, solo con la palabra, el libro y el instinto de justicia, que dormido desde hace tantos siglos, combatido por tantas y tan arraigadas preocupaciones, se despierta poco a poco*".

Fronte á violencia, a causa feminista enarbora *"paz, razón, paciencia, constancia, las únicas armas para conseguir el fin. Lento el progreso, lentísimo; en cambio, cada paso que se adelanta, prenda segura del paso siguiente. Como los viajeros alpinistas, que necesitan abrir en la roca el hueco para colocar el pie, pero acaban por llegar a la cumbre y plantar en ella su bandera, los defensores del derecho de la mujer avanzan solitarios, jamás cansados, aprovechando las mismas asperezas para ganar terreno y culminar su obra verdaderamente redentora"*.

C. O REALISMO E O NATURALISMO NA LITERATURA

O termo "realismo" identifícase cunha técnica de representación literaria, pero tamén cun dos movementos artísticos máis relevantes do século XIX. Como técnica literaria, o realismo aplicado a unha obra non debe ser entendido como unha copia ou fotografía, senón como unha relación dinámica coa realidade, á que debe interpelar. O Realismo como corrente literaria xorde en Francia e relaciónase coa definitiva eclosión da burguesía. Aínda que o termo xa aparece en 1826 na revista *Le Mercure Français*, definido como unha "fiel imitación", esta acepción parte da pintura, con Gustave Courbet. A súa obra, rexeitada na Exposición de 1855, foi difundida nun espazo propio ao que denominou *Pavillon du Réalisme*.

En 1856 nace a revista *Réalisme*, na que se publica o postulado fundamental do movemento: o realismo pretende a reprodución exacta, completa, do ambiente social e da época en que vivimos. No ano 1857 o termo consolídase nos ensaios de Jules Champfleury recollidos no seu libro *Le Réalisme*, que se converteu nun verdadeiro manifesto das doutrinas de Courbet aplicadas á literatura, onde o heroe se materializa no home común. A literatura responderá ao principio de verosimilitude e aproximarase ao método científico.

As raíces do Realismo atópanse nas novas doutrinas filosóficas, históricas, sociais e económicas que afloran no XIX. O positivismo, xestado en Francia na primeira metade do XIX, alcanza o seu cénit co *Curso de filosofía positivista* de Auguste Comte. Unido ao positivismo atópase o desenvolvemento das ciencias experimentais, coa figura de Charles Bernard.

Ademais, a teoría darwinista e a lei da herdanza de Gregor Mendel, marcaron profundamente o pensamento da época. Paralelamente, xéstanse o socialismo e o comunismo, vinculados á serie de cambios socioeconómicos característicos da sociedade industrial.

O auxe das ciencias experimentais e do positivismo derivou no nacemento do Naturalismo. En 1867, Émile Zola publica a que se considera a primeira novela naturalista, *Thérèse Raquin*. O salto do Realismo ao Naturalismo relaciónase coa concepción da literatura como método científico ideal para plasmar a realidade. A liberdade do home está restrinxida pola herdanza biolóxica e polo contorno social, o que supón un forte pesimismo.

Emilia Pardo Bazán coñecía ben non só a novela española contemporánea, senón os avances e debates estranxeiros sobre o Realismo e o Naturalismo. Na súa viaxe a Vichy en 1880, co obxecto de realizar unha cura termal para as súas doenzas hepáticas, iniciará unha viaxe decisiva cara á novela francesa e os seus postulados realistas. Alí leu con grande interese a Honoré de Balzac, Gustave Flaubert, os irmáns Goncourt e Alphonse Daudet, así como a integridade do ciclo novelístico de Émile Zola. Así mesmo, aproveitou a súa estancia para desprazarse a París e coñecer a Víctor Hugo. Aínda que Pardo Bazán seguira con interese os acesos debates que sobre o Naturalismo se iniciaron en España a finais dos anos setenta, certo é que os enfrontamentos entre defensores e detractores resultaban desmoralizadores pola súa improvisación, pobreza argumental e un exceso de apaixonamento que favorecía a confusión. Os termos "Realismo" e "Naturalismo" empregábanse indistintamente sen rigor algún e predominaba unha actitude hostil cara á nova literatura. Coincidindo coa viaxe de Emilia Pardo Bazán a Francia, empezan a publicarse as primeiras traducións españolas de novelas francesas, á vez que se afianza o debate público.

Distínguense dúas etapas no discurso de Pardo Bazán sobre o Naturalismo: unha primeira, ata 1884, na que a súa actitude é tanto informativa como crítica; e unha segunda na cal comeza un distanciamento e o consecuente interese por novas modas e estéticas. Dentro da primeira etapa inclúese a que será a súa achega máis significativa ao tema, *La cuestión palpitante*, clave para asentar o debate naturalista en España, aínda que xa no prefacio á súa segunda novela *Un viaje de noivos* (1881) inclúe notas importantes sobre o tema.

En sintonía co prólogo de *La desheredada* que Galdós publicara poucos meses antes, en *Un viaje de noivos* Pardo Bazán pretende situar a súa obra na corrente da novela realista. Tras postular a novela como xénero literario predilecto da época, aborda sen ambaxes a polémica do momento entre Realismo e Naturalismo. Critica especialmente o gusto polo grotesco e desagradable característico do Naturalismo, ata o punto de que non dubida en cualificar a Zola como "hipocondríaco":

> *No censuro yo la observación paciente, minuciosa, exacta, que distingue a la moderna escuela francesa: desapruebo como yerros artísticos, la elección sistemática preferente de asuntos repugnantes o desvergonzados, la prolijidad nimia, y a veces cansada, de las descripciones, y, más que todo, un defecto en que no sé si repararon los críticos: la perenne solemnidad y tristeza, el ceño siempre torvo, la carencia de notas festivas y de gracia y soltura en el estilo y en la idea. Para mí es Zola el más hipocondriaco de los escritores habidos y por haber.*

Para Emilia Pardo Bazán, o Realismo é o modelo literario máis acorde á novela contemporánea e que, ademais, mellor encaixa coa tradición española. O realismo español é entendido non como un movemento literario, senón como un signo de identidade, que une o terreal e o espiritual. Esta simbiose é un dos trazos que máis afasta a Pardo Bazán do Naturalismo, inclinado radicalmente cara ao mundo físico. A autora, católica, nunca abandonou o idealismo na súa concepción da vida e a literatura.

Por outra banda, o primeiro texto de *La cuestión palpitante* publícase no diario *La Época* o 7 de novembro de 1882. A obra comprende un total de vinte artigos que apareceron cada luns na folla literaria de *La Época*, entre o 7 de novembro de 1882 e o 16 de abril de 1883. Xa desde o inicio, a autora deixa claro o seu propósito de divulgación xornalística; un espazo onde poida abordar o debate literario e "*esclarecerlo lo mejor que sepa, en estilo mondo y llano, sin enfadosas citas de autoridades ni filosofías hondas*".

Esta obra non só acomete a polémica do momento, a partir da súa xenealoxía, senón que tamén inclúe artigos dedicados aos principais representantes do Realismo e o Naturalismo francés. Finalmente, termina *La cuestión palpitante* cun percorrido polo panorama literario en Inglaterra e España. Ao longo destas páxinas a autora debulla con detemento as súas obxeccións ao Naturalismo, á vez que recoñece os seus logros. Aínda que admira a Zola e o seu talento artístico, a arte debe ante todo aspirar á beleza e non discorrer por carreiros propios da ciencia. Pardo Bazán defende a lexítima idiosincrasia da literatura. Mentres que as leis fisiolóxicas determinan inexorablemente ao ser humano, a vontade sálvao do fatalismo. De novo, o Realismo preséntase como a canle literaria ideal: "O realismo na arte ofrécenos unha teoría máis ancha, completa e perfecta que o naturalismo. Comprende e abarca o natural e o espiritual, o corpo e a alma, e concilia e reduce a unidade a oposición do naturalismo e do idealismo racional".

Esta obra, que incluía un prólogo de Clarín, obtivo unha enorme repercusión na época, e consolidou a voz de Emilia Pardo Bazán como crítica literaria. Con todo, o seu afán por coñecer de primeira man e reflexionar sobre as principais manifestacións literarias non quedará aí. Nunha das súas longas estancias en París, Emilia Pardo Bazán atopouse con *Crime e castigo* de Fiodor Dostoievski. Fascinada pola obra e cativada polo feito de que o público parisiense lese con idéntico pracer a Dostoievski, Turgueniev e Tolstoi, que a Zola e Goncourt, a autora embárcase na redacción dun ensaio absolutamente novo en España: *La revolución y la novela en Rusia*. O resultado foi presentado en forma de tres conferencias no Ateneo de Madrid en 1887, sendo Pardo Bazán a primeira muller que ocupaba aquela tribuna, centro da intelectualidade madrileña, para transitar por carreiros diferentes á creación literaria. Nesta obra, a autora defende a necesidade de cultivar unha actitude aperturista cara á literatura estranxeira, sen que iso vaia en detrimento da propia. Ao longo de La revolución y la novela en Rusia Pardo Bazán non só abordará cuestións literarias, senón tamén políticas, históricas e sociais. Desde un punto de vista literario, Pardo Bazán atopará no realismo espiritualista dos escritores rusos a combinación predilecta, que tanto ansiaba, entre materia e espírito.

D. A OBRA LITERARIA DE EMILIA PARDO BAZÁN

Emilia Pardo Bazán pasou á historia da literatura principalmente pola súa faceta de narradora. A autora fuxiu da novela de entretemento e da finalidade moral, e tivo como máxima a valía estética. Á súa ampla bagaxe como lectora dos clásicos e da literatura contemporánea, únese o seu coñecemento da filosofía e a súa debilidade pola arte. Así mesmo, as súas obras nutríronse das últimas novidades científicas, literarias e estéticas, ademais dunha especial sensibilidade cara a temas relacionados coa muller, a educación e a xustiza. Aínda que o conxunto da súa obra narrativa é tan prolífico como diverso, prestarase atención a aquelas obras que mostran con maior claridade a súa evolución e carácter polifacético.

A escritora inaugura a súa narrativa cunha novela ambientada en Santiago de Compostela: *Pascual López, autobiografía de un estudiante de medicina*, publicada en 1879. Nesta obra de ambiente contemporáneo, ton festivo e estilo realista explora as aventuras dun excéntrico profesor de química, o irlandés O'Narr, e o seu alumno Pascual López. Santiago de Compostela adquire protagonismo propio, e materializa a difícil conciliación entre o avance científico e as forzas conservadoras. O Gabinete de Química da Universidade de Santiago de Compostela, creado en 1847 por Antonio Casares Rodríguez, convértese nun espazo do sinistro, de claras tinguiduras góticas, onde teñen lugar todo tipo de experimentos.

Entre os anos 1881 e 1889, domina en Pardo Bazán a influencia naturalista, focalizada en tres das súas obras máis relevantes: *La Tribuna*, *Los Pazos de Ulloa* e *La Madre Naturaleza*. Posteriormente a *Un viaje de novios* (1881), Pardo Bazán publica *La Tribuna* (1883), a primeira novela española que recolle un ambiente fabril, neste caso, unha fábrica de tabacos na Coruña. Outro dato máis que mostra unha Pardo Bazán avanzada e de clara sensibilidade social. Estamos ante unha obra de corte naturalista, cualificada pola propia autora no prólogo como "*un estudio de costumbres sociales*", na que recoñece a súa débeda cara a Pereda e Galdós. Co obxectivo dunha necesaria documentación, Pardo Bazán rompeu con habilidade e sensibilidade as fronteiras sociais que a distanciaban destas mulleres e, así, durante dous meses, mañá e tarde, acompañounas nos seus quefaceres na fábrica. Distingue esta novela unha denuncia das duras condicións laborais nas que traballaban as tabaqueiras e unha profunda solidariedade cara a elas.

Despois de *El cisne de Vilamorta* (1885), ambientada nos vales montañosos da provincia de Ourense, publica a súa soada novela *Los Pazos de Ulloa* en 1886. Esta obra sae á luz en dous tomos, o primeiro dos cales incluía a súa autobiografía. *Los Pazos de Ulloa* supón tanto a madurez narrativa da autora como a súa absoluta consolidación no panorama literario da época.

A partir da historia de dous personaxes, alleos ao mundo dos pazos, asístese a un mundo en extinción a través do retrato da decadencia social, moral e física da aristocracia rural galega.

Aínda que Pardo Bazán privilexia a coherencia narratolóxica antes que posturas ideolóxicas, *Los Pazos de Ulloa* responde a un dos debates do momento: a loita entre dous mundos antitéticos; así mesmo, a discusión sobre o peso do medio no destino e o comportamento do ser humano serán cuestións clave. Destaca o estudo psicolóxico dos personaxes, profuso, incisivo, inquisidor.

Desde un punto de vista narrativo, *Los Pazos de Ulloa* xira ao redor de tres temas: a visión crúa do campo galego, o contraste entre a vida do campo e a cidade, e a corrupción do sistema electoral. Os dous últimos sérvenlle de complemento ao primeiro, que constitúe o eixo básico da obra. A influencia de Zola obsérvase na sordidez da vida nos pazos e no recurso constante a razóns ambientais e fisiolóxicas para explicar condutas. Con todo, a obra non lle concede tanta importancia á herdanza biolóxica, senón ao medio como condicionante fundamental no comportamento do ser humano. A visión descarnada e violenta do micromundo dos pazos supón unha denuncia da corrupción das clases altas, o que evidencia, de novo, a visión crítica da autora.

Debido á súa complexidade narrativa, esta obra desborda tanto os límites do Naturalismo como os do Costumismo, aspecto que determina a súa valía literaria. Pardo Bazán preocupouse pola composición da novela e a maneira de narrar. Neste sentido, o predominio dos puntos de vista e a tendencia para ocultar o narrador omnisciente adiántanse á novela do XX. O estilo literario é vivo, expresivo, minucioso, con frecuentes tecnicismos médicos e numerosos galeguismos.

La Madre Naturaleza publícase baixo o subtítulo *Segunda parte de Los Pazos de Ulloa* en 1887. A obra relata os amores incestuosos do fillo bastardo do marqués de Ulloa, Perucho, e a súa filla lexítima, Manuela, ambos inmersos nunha poderosa natureza que afoga e condiciona o ser humano. A historia dos mozos serve de canle para plasmar o conflito entre o determinismo biolóxico e as convencións morais. Fronte ao seu precedente, *Los Pazos de Ulloa*, onde se vinculaba a acción a un espazo determinado, neste caso unha natureza omnipresente e irresistible adquire unha dimensión simbólica.

A pegada naturalista perdura nas súas novelas curtas, *Insolación e Morriña*, ambas publicadas en 1889. En 1891 aparece unha das súas obras máis controvertidas e valentes, *La piedra angular*, onde aborda o espiñento tema da pena de morte entendida como elemento clave da orde social. Pardo Bazán, de novo, rompe convencións e manifóstase explicitamente contra a pena de morte, debido a que, argüía, non só atentaba contra os valores máis fundamentais e mostraba a debilidade da sociedade, senón que tamén era contraria ao espírito do novo século. Inspirada no famoso "crime da rúa Fuencarral", Pardo Bazán traslada a Marineda, con rigor documental, a historia dun verdugo. Signo de valentía e integridade, a autora asistiu persoalmente á execución da rea, Higinia Balaguer, nun xesto non entendido por todos. Ademais do evidente horror ante a pena capital, a escritora sentiuse interpelada pola tortura que sufriu a rea, a miserable reacción do xentío e o papel do verdugo. A obra destaca pola estreita relación entre o medio físico e os condicionamentos socioeconómicos, á vez que incorpora as zonas máis desfavorecidas da cidade.

Tras un breve período sen publicar unha novela de ampla repercusión, centrada no xornalismo, a divulgación e a escritura de relatos curtos, Pardo Bazán regresa con *La Quimera* (1905) que, xunto a *La sirena negra* (1908) e *Dulce dueño* (1911), formará unha triloxía que ela mesma denominou "*ciclo de los monstruos*". No que sen dúbida é un achegamento á estética modernista de principios de século, de marcadas tinguiduras espiritualistas e simbolistas, este ciclo mostra a apertura de Emilia Pardo Bazán cara a novas correntes, sen por iso renunciar ao seu idealismo de base realista. Nunha obra na que aflora a acentuada paixón pola arte, a autora narra a historia de Silvio Lago, *alter ego* do pintor Joaquín Vaamonde, protexido da escritora e falecido moi novo a causa dunha tuberculose. A novela relata a vida deste mozo atrapado polo delirio de cantos desexan alcanzar a inmortalidade e a gloria artística. Trátase da súa novela máis complexa e ambiciosa, onde incorpora o relato autobiográfico e nutre o texto de reminiscencias literarias.

Emilia Pardo Bazán non só se consagrou á novela, o cultivo do relato curto foi unha constante ao longo da súa vida, que publicou de maneira continuada na prensa periódica. Os seus máis de seiscentos contos son unha oportunidade para achegarse a unha variedade de temas e tipoloxía de personaxes contemporáneos, especialmente femininos. A súa narrativa breve nútrese tanto da novela curta francesa como da súa propia produción literaria, de fontes clásicas e, mesmo, de sucesos de actualidade. Para a autora, o conto era o xénero por excelencia da liberdade creadora e berce da imaxinación máis xenuína. Os seus relatos destacan pola súa actualidade e vixencia. Son dinámicos, atractivos, valentes, ademais de especialmente reveladores das facetas máis descoñecidas de Emilia Pardo Bazán.

Afeccionada desde moi nova ao teatro, con escaso éxito estreou *El vestido de boda* o 1 de xaneiro de 1898. Aínda que continuou escribindo teatro, con *La suerte* (1904) ou *Cuesta abajo* (1906), finalmente prevaleceu nela a súa faceta como espectadora, lectora e crítica. Así mesmo, escribiu poesía, xénero polo que sentiu unha especial debilidade.

E. GALICIA NA OBRA DE EMILIA PARDO BAZÁN

Emilia Pardo Bazán sempre se reivindicou como galega. Máis alá das crúas polémicas que sostivo con importantes representantes do Rexurdimento, como a xa tan coñecida con Manuel Murguía, sempre traballou por Galicia, fose desde o ámbito literario ou o da divulgación e o activismo. Emilia Pardo Bazán, desde moi cedo, afanouse en loitar polo progreso e o avance intelectual da súa terra natal, á vez que denunciou inxustizas e desigualdades sociais. O padre Feijoo foi o seu modelo, e pronto estableceu vínculos coa atmosfera literaria galega, desde onde traballou sobre todo nas tribunas xornalísticas. Ademais de dirixir a *Revista de Galicia*, fundou en 1884 a *Sociedad del Folclore Gallego*, onde consagrou diversos estudos a notables personalidades da terra galega.

Desde o campo da creación literaria, Pardo Bazán contribuirá activamente a configurar o imaxinario decimonónico de Galicia na narrativa. A diferenza de Galdós, que sendo canario é o gran novelista da cidade de Madrid, Emilia Pardo Bazán ambientou de forma recorrente as súas novelas e contos en Galicia. A autora plasma tanto a Galicia rural como a urbana, e sente especial predilección pola súa Coruña natal, recreada baixo a figura literaria de Marineda.

Paralelamente, a escritora cultiva unha lingua literaria con abundantes galeguismos, de expresións e calcos que en ocasións teñen valor caracterizador dos personaxes, pero que tamén aparecen asimilados á voz do narrador, como un modo de situarse con relación ao contexto xeográfico e social que se quere representar. Deste xeito, xa sexa desde a linguaxe, o imaxinario ou o activismo a favor da sociedade galega, como o mostra a súa creación da "primeira colonia mixta" na Coruña, Galicia está profundamente unida e representada en Emilia Pardo Bazán.

F. EMILIA PARDO BAZÁN COMO DIVULGADORA CIENTÍFICA E CULTURAL

Máis alá das súas facetas de novelista e de crítica literaria, Pardo Bazán aspirou a influír decisivamente na opinión pública tamén no ámbito da divulgación científica e cultural. Esta é a razón de que —do mesmo xeito que ocorreu con outros novelistas, como Pérez Galdós ou Juan Valera— compaxinase a escritura de ficción coas súas colaboracións en prensa. Optou por cultivar o xornalismo, o que lle permitiu participar en numerosos debates do seu tempo. Investiu neste labor gran parte dos seus esforzos, do que resultou unha inxente produción de artigos e crónicas.

As razóns desa dedicación tan intensa son varias. Por unha banda, é expresión dunha vocación de incidencia pública na que sempre destacou a súa vea ilustrada, co ánimo de fomentar a cultura e de darlles pábulo aos seus anhelos reformistas. Por outra, cabe advertir nela un aspecto pragmático: aínda que Pardo Bazán contou sempre coa fortuna familiar, as ganancias coas que pretendeu obter certa independencia económica e liberdade persoal respecto aos seus pais e ao seu marido non proviñan das súas novelas —que se vendían relativamente pouco— senón do xornalismo. Este afán de emancipación no material acrecentaríase tras a súa separación matrimonial.

A finais de 1876 e principios de 1877 publica na *Revista compostelana* unha serie de artigos baixo o título *Ciencia amena*. Neles a autora, segundo a moda da época, dedícase a divulgar un certo número de temas científicos. O ton é didáctico, e mostra unha das facetas características do espírito de Pardo Bazán: a inclinación á pedagoxía.

Os seus comezos neste ámbito producíronse en 1880, cando se fixo cargo da dirección da *Revista de Galicia. Semanario de literatura, ciencias y letras*, cuxo primeiro número saíu en marzo dese ano. A diferenza doutras publicacións periódicas, como a *Gaceta de las Mujeres*

dirixida por Gertrudis Gómez de Avellaneda, esta non constituía nin unha revista de temática feminina nin estaba dirixida exclusivamente a mulleres. O seu propósito era editar creacións literarias, recensións críticas e bibliográficas, así como estudos científicos e históricos. A nómina dos colaboradores foi moi variada, desde Manuel Curros Enríquez a Marcelino Menéndez Pelayo. A propia Pardo Bazán asinou —co seu nome ou pseudónimo— varias colaboracións: recensións de obras poéticas, polémicas críticas ou un eloxio á obra de Pérez Galdós. Esta primeira experiencia foi, con todo, fugaz: o 25 de outubro de 1880 apareceu o último número da revista.

Aínda que un momento importante na súa traxectoria foi a polémica de 1892 en *La Época* sobre *La cuestión palpitante*, a súa consagración como xornalista de pleno dereito produciuse a partir de 1887, cando comezou a colaborar de forma reiterada en *El Imparcial*. Desde entón, fíxoo habitualmente nos grandes periódicos de entón (*La Época, El Liberal, El Heraldo de Madrid, Blanco y Negro, ABC, La Lectura ou La Ilustración Artística*). Os seus numerosos artigos non se limitaron á prensa española, pois colaborou tamén coa latinoamericana, particularmente en *La Nación* de Buenos Aires e no *Diario de la Marina* da Habana. Así mesmo, escribiu diversos ensaios para *La Revue* e *La Nouvelle Revue Internationale*, ambas francesas.

Non pode esquecerse o papel desempeñado por Pardo Bazán na creación e o éxito dunha revista por entón excepcional, *La España Moderna*, publicada entre 1889 e 1914. Aínda que o seu propietario e fundador foi o bibliófilo e coleccionista José Lázaro Galdiano, Pardo Bazán asesorouno coidadosamente con relación ao carácter que debía posuír a nova publicación, da que se dixo que foi a versión española da prestixiosa revista francesa *Revue des deux mondes*. Pardo Bazán foi ademais unha eficacísima promotora do proxecto, e instou as súas numerosas amizades a colaborar na revista. Entre as moitas sinaturas ilustres coas que contou destacan Leopoldo Alas *Clarín*, Rafael Altamira, Concepción Arenal, a propia Pardo Bazán, Menéndez Pelayo, Pérez Galdós, Giner de los Ríos ou Miguel de Unamuno. Este último chegou a dicir que, nas difíceis circunstancias sociais da España da Restauración, e xunto co Ateneo de Madrid, La España Moderna fora "*el castillo roquero (...) de la libertad de conciencia*".

Aínda que a literatura de viaxes foi un xénero prolífico na época, poucas foron as mulleres que o cultivaron. Emilia Pardo Bazán, de novo, é unha excepción. A súa vasta curiosidade, unida á súa apertura intelectual e cultural, subxacen ao seu gusto polos libros de viaxes, xa sexa co ánimo de reflectir a paisaxe española ou o estranxeiro. Algúns títulos destacados son *Por Francia y por Alemania* (1890), onde actúa de correspondente para escribir a propósito da Exposición de París de 1889, ou *Por la España pintoresca. Viajes* (1896). En 1900 publica *Cuarenta días en la Exposición*, unha serie de artigos aparecidos en *El Imparcial* e editados despois en forma de libro, resultado da súa estancia en París a propósito da Exposición Universal, neste caso, de 1900:

> *Ya piso esta Exposición tan discutida, tan diversamente juzgada: para los unos, fracaso ruidoso a la faz de toda Europa; para los otros, brillante fecha en los anales de Francia, llave de oro con que cierra el siglo. Vengo a ella sin prevenciones de ninguna clase, dispuesta a mirarla despacio y a aprenderla cuanto sea posible, prefiriendo desde el primer instante*

hacer resaltar su carácter educador antes que sus atracciones de feria y de espectáculo cosmopolita. Vengo a ella con la fe en el progreso que siempre me alentó y que las desdichas de mi patria han exaltado, y una impresión grave y gozosa a la vez me sobrecogerá cuando cruce la Puerta monumental, más discutida que la Exposición entera.

A curiosidade innata e a avidez intelectual de Emilia Pardo Bazán explican a creación duns textos extremadamente ricos en apuntamentos de arquitectura, arte, costumes, literatura ou historia. A paixón que sentía pola pintura móstrase, especialmente, nas recensións artísticas.

Ao longo da súa vida nunca abandonou a crítica literaria. Despois da polémica sobre o Realismo e Naturalismo, e o seu estudo sobre a novela rusa, en 1911 publica unha ambiciosa obra, *La literatura francesa moderna*, que consta de tres volumes: *El Romanticismo*, *La Transición* e *El Naturalismo*. A partir de 1890 o seu labor crítico decántase pola crítica individualizada de obras recentes de autores españois e estranxeiros, e destacan as súas colaboracións coa revista *La Lectura. Revista de ciencias y de artes* (1901-1915). Así mesmo, traduciu, editou, prologou e publicou obras de imperiosa actualidade e de profundo calado feminista como *La esclavitud feminina* de John Stuart Mill.

Un exemplo da vocación xornalística e crítica de Pardo Bazán atópase na creación da revista literaria mensual *Nuevo Teatro Crítico*. Durante tres anos —entre xaneiro de 1891 e decembro de 1893—, ela soa encargouse de escribir a totalidade do contido de cada número, que abarcaba obras de ficción, crónicas de viaxes, crítica literaria e ensaios sobre escritores españois e estranxeiros. Unha vez máis, esta esixente revista de factura unipersoal buscaba a instrución divulgativa e promover a reflexión colectiva sobre as tendencias literarias da súa época. Ademais de ofrecer unha crónica sagaz e persoal da actividade literaria contemporánea, a revista posibilitou que a autora efectuase numerosas intervencións de corte feminista, facer comentarios políticos —como unha crítica cara á tolerancia do caciquismo por parte do Estado ou a denuncia da falta dunha xenuína política educativa—, así como reivindicar a importancia de Concepción Arenal ou de John Keats. A empresa fixo que o xornalista Mariano de Cavia se referise a Pardo Bazán como "*la Madre Feijoo*".

Outra mostra máis da versatilidade de Pardo Bazán foi a súa contribución a un saber cuxa dignidade e importancia se foi afirmando cada vez máis: a gastronomía. Ao percibir que a colección que creara en 1892 baixo o título "Biblioteca de la Mujer" espertara escaso eco, decidiu escribir o libro *La cocina española antigua* (1913), ao que poucos anos despois seguiría *La cocina española moderna* (1917). A publicación destas obras resulta relevante non só porque son outro testemuño da multiplicidade dos intereses da nosa escritora, senón tamén porque revelan o seu feminismo de profundo calado, á vez que a súa imaxinación e a súa orixinalidade.

Estes libros non se limitan a longas listas de receitas —propias e alleas—. A publicación destas obras resulta relevante non só porque son outro testemuño da multiplicidade dos intereses da

nosa escritora, senón tamén porque revelan o seu feminismo de profundo calado, ao tempo que a súa imaxinación e a súa orixinalidade. Estes libros sobre fogóns non constitúe, como podería pensarse inxenuamente, unha claudicación ou un canto de cisne do feminismo de Pardo Bazán. De feito, esta escribe, reivindicativa, que "*en esta cuestión (...), como en todas a las que a la mujer se refiere, la gente suele equivocarse*". E iso, non só porque a cociña non é algo esencialmente feminino, senón tamén porque se trata de algo que vai moito máis alá da mera "economía doméstica".

Ante todo, a autora atribúelle toda dignidade á materia tratada. Aínda que os seus libros posúen unha función eminentemente práctica, Pardo Bazán reivindica de forma contundente a súa importancia antropolóxica, ao ser a cociña un dos documentos etnográficos que non poden eludirse no coñecemento das sociedades: "*Hay platos de nuestra cocina nacional que non son menos curiosos ni menos históricos que una medalla, un arma o un sepulcro*". Ademais, insiste en que a cociña reflicte peculiaridades culturais que contribúen a construír as distintas identidades das nacións, razón pola cal o acervo gastronómico tradicional dun país constitúe un patrimonio que —proponse— debe ser preservado e atesourado tanto como as súas obras de arte.

Por outra banda, a pesar de que obviamente estes "libros do fogón" non constitúen obras literarias en sentido estrito, Pardo Bazán impregnounos desde o principio dun ton erudito e un carácter netamente ilustrado. Se xa no prólogo se menciona a caracterización que fixo Espronceda do cosaco do deserto, ao estoicismo dos espartanos ou á decadencia do Imperio romano, o receitario está trufado de referencias intertextuais á tradición literaria: entre elas destacan as varias alusións ao Quixote e a Cervantes, ás *Fábulas* de Tomás de Iriarte ou a *El alcalde de Zalamea* de Calderón de la Barca. Incluso algunhas das receitas compiladas proveñen de escritores como Benito Pérez Galdós. Todo iso contribúe a dignificar o xénero do libro de cociña, e a dotar de respectabilidade unha escritura que a sociedade patriarcal da súa época tendía a menosprezar.

Máis aínda, resulta ilustrativo do enxeño da nosa autora o que poida aproveitar, paradoxalmente, algo en aparencia tan inocuo como un libro de cociña para efectuar un axuste de contas con certos prexuízos da súa sociedade. *La cocina española antigua* foi publicado en 1913, un ano despois de que se producise o rexeitamento da súa candidatura á Real Academia Española. A institución denegoulle repetidamente o ingreso, a pesar de ser unha das plumas máis ilustres do país, aducindo a súa condición de muller. Non parece por tanto casual que ao longo do seu primeiro libro de cociña Pardo Bazán se refira en varias ocasións ao dicionario da Academia, pero sempre para sinalar imprecisións ou deficiencias no seu léxico. Como quen non quere a cousa, baixo a modesta aparencia dunha obra convencional dedicada aos fogóns a audaz escritora leva a cabo tamén unha crítica intelectual, e cuestiona a autoridade da intocable Academia e, ao tempo, da sociedade patriarcal.

G. EMILIA PARDO BAZÁN: ACTIVISTA A FAVOR DA IGUALDADE

A autora sempre mostrou unha aguda sensibilidade cara a todos aqueles temas que lles afectasen á muller e ás inxustizas que historicamente a rodeaban. A educación, a violencia de xénero, a sexualidade ou a denuncia dunha xustiza que actúa cun trato desigual, xa se tratase dun home ou dunha muller, serán temas recorrentes tanto na súa obra literaria como divulgativa. A autora afanouse en todos os foros públicos posibles en denunciar e evidenciar os terribles danos dunha sociedade marcada pola desigualdade entre sexos.

A loita polo dereito á educación

Un dos temas nos que Emilia Pardo Bazán se implicou cun forte compromiso foi a loita polo dereito das nenas e mulleres a acceder á educación en igualdade cos homes. Na súa época, a educación das nenas era moi limitada, a miúdo reducida ao fogar, pois precisaban dun permiso especial para acceder á educación secundaria —que empezaba entón a partir dos dez anos— ou á universidade.

As inclinacións naturais de Pardo Bazán non se orientaban cara ao que se entendía que era adecuado para unha muller na época, pensado para formala como ama de casa e nai. Fronte ás clases de pintura ou piano, típicas para as nenas, ela prefería outras materias de inclinación máis intelectual, como o latín. Nos seus *Apuntes autobiográficos* indicou: "*Apenas pueden los hombres formarse idea de lo difícil que es para una mujer adquirir cultura autodidacta y llenar los claros de su educación*".

Como outras moitas mulleres escritoras da época, Emilia viuse obrigada a formarse por si mesma e houbo épocas da súa vida que dedicou intensamente ao estudo, á lectura e á escritura. Así expresa nunha carta á súa amiga Carmen Miranda como é a súa rutina de vida: "*A la verdad, mi vida tiene poco que contar, pues es la de un estudiante aplicado y no más. Yo me levanto, almuerzo y voy disparada a la Biblioteca, de donde salgo a las 4 (...) [Y] a que hice el sacrificio no pequeño de dejar a los chiquillos, quiero aprovechar el tiempo*".

No ano 1892, Emilia Pardo Bazán participou nun congreso pedagóxico de grandes dimensións, onde pronunciou conferencias e presentou propostas que foron sometidas a votación. Entre outros aspectos, a autora reivindicou o dereito das mulleres para educarse para todas as profesións en igualdade cos homes, defendendo incluso a coeducación.

Os "mujericidios": a denuncia da violencia de xénero

Hoxe en día temos unha clara conciencia da existencia dunha violencia específica sobre as mulleres que coñecemos como "violencia de xénero" e asumimos, como sociedade, a necesidade de loitar contra ela desde as leis e desde o rexeitamento colectivo destas condutas. Pero antes de Emilia Pardo Bazán o que hoxe chamamos violencia de xénero recibía o nome de "crimes pasionais" ou "crimes de honra" e a actitude xeral era, a miúdo, de comprensión ou desculpa e os castigos pouco exemplares. Emilia Pardo Bazán acuñou o termo "*mujericidios*", co que lle deu un nome específico a esta violencia e rexeitou a escasa pena que recibían estes crimes.

Sobre este tema tivo Emilia Pardo Bazán unha participación activa na prensa da época. Así, en *La Ilustración Artística* escribiu no ano 1901: "*Los anales de la criminalidad abundan en mujericidios, impunes muchas veces (...). El hombre, en general, cree vagamente que por ser hombre tiene derecho de vida y muerte sobre la mujer*". E reclamaba rigor no castigo como vía para poñer coto á violencia exercida sobre as mulleres: "*Siguen a la orden del día los asesinatos de mujeres. Han aprendido los criminales que eso de 'la pasión' es una gran defensa prevenida, y que por 'la pasión' se sale a la calle libre y en paz de Dios, y no se descuidan en revestir de colores pasionales sus desahogos mujericidas. (...) ¿Pasión? No: codicia, vileza y barbarie, como casi siempre. (...) El que acecha al paso a una mujer, la atraviesa el corazón o la degüella, y después alega que la quería, que la adoraba, que no podía vivir sin ella precisamente..., a ese, todo el rigor de la ley, porque además de criminal es un cobarde*".

Efectivamente, á altura de 1870, o *Código Penal* no seu artigo 438 recollía que se un marido mataba a súa muller por sorprendela en adulterio o castigo era o desterro durante dous anos a 25 km do lugar do crime. Outro tipo de malos tratos que non supuxese a morte quedaba impune, e o mesmo sucedía se era o pai o que mataba ou golpeaba a súa filla por manter relacións "ilícitas".

Recentes investigacións revelaron un episodio ao que Emilia Pardo Bazán nunca fixo alusión: a súa avoa paterna, Joaquina Mosquera, foi asasinada polo seu segundo marido, Juan Rey Perfume. Non sabemos ata que punto este feito puido influír na actitude de visceral condena de Emilia Pardo Bazán cara á violencia de xénero, contra a que loitou activamente na prensa da época e tamén a través da literatura. Aínda que hai exemplos de malos tratos nalgunha das súas novelas, é nos relatos onde máis claramente se ataca a violencia exercida sobre as mulleres, nas súas máis diversas formas.

Emilia Pardo Bazán escribiu máis de seiscentos contos e en máis de cen deles abórdase algunha forma de violencia de xénero. Entre eles destacan "El indulto" (1883), "Apólogo" (1898), "La puñalada" (1901), "Vampiro" (1901), "Sin pasión" (1909), "Entre humo" (1911) ou "Las medias rojas" (1915).

A autora era moi consciente de como os asasinatos de mulleres eran a fase final duns malos tratos que comezaba dun modo que a miúdo se ignoraba. Hoxe préstase importancia aos micromachismos e somos conscientes de como funciona a escalada da violencia de xénero, pero en 1907 requiríase moita lucidez para analizar con tal perspicacia o que sucedía, tal como fai Emilia en *La Ilustración Artística*:

> *[É]l alza la mano y descarga bofetón redondo... Ella titubea, llora, luego ríe..., ni siquiera pide auxilio: el bofetón está en el programa. Y ese bofetón es el preludio de lo que vendrá más tarde, en una hora de exasperación brutal de celos o de soberbia: es el anticipo del navajazo feroz, del estrujón de nuez que rompe el cartílago, del puntapié que desgarra las entrañas, del palo que abre el cráneo, del proyectil que se incrusta en la masa encefálica... ¡Va tan poco del primer maltrato al crimen! La bofetada anuncia la muerte; las emplazadas, sin embargo, media hora después de haber recibido en la mejilla el golpe y el insulto, se cuelgan del brazo del ofensor y se van con él a celebrar los chistes de una obreja teatral, donde quizás ven reproducida, en broma, la escena en que acaban de ser protagonistas....*

Un destino propio para a muller: iguais deberes, iguais dereitos. O cuestionamento da natureza feminina

Unha das ideas que Emilia Pardo Bazán defendeu con firmeza é que a muller ten un destino propio, os seus primeiros deberes son para consigo mesma. Isto supón negar unha idea clave do sistema patriarcal segundo a cal o sentido da vida da muller está ligado á maternidade e ao coidado dos outros. Estas ideas xa as expuxo claramente no Congreso Pedagóxico, pois mesmo os krausistas, que apoiaban o dereito da muller á educación, facíano sobre o argumento de que esa mellor educación sería un beneficio para os fillos. Para a escritora este argumento non é válido, pois entende que ese dereito para educarse debe ser, ante todo, para si mesma, para poder desenvolver as súas propias capacidades intelectuais: "*Aspiro, señores, a que reconozcáis que la mujer tiene destino propio; que sus primeros deberes naturales son para consigo misma, no relativos y dependientes de la entidad moral de la familia que en su día podrá constituir o no constituir*".

Emilia Pardo Bazán foi nai de tres fillos aos que aleitou, a pesar de que o habitual nas mulleres da súa clase na época era empregar amas de cría, pero con todo rexeitaba a idea patriarcal de que a realización dunha muller pasa pola maternidade, así, unha das súas frases soadas é: "*Todas las mujeres conciben ideas, pero no todas conciben hijos*". Hoxe en día asumimos que o valor da vida dunha muller non se mide nin depende de se ten ou non fillos, pero estas ideas resultaban revolucionarias na época de Emilia Pardo Bazán.

Esta idea de asumir a responsabilidade do propio destino é o que hoxe en día se denomina "empoderamento". Vemos así que Emilia Pardo Bazán acuñou termos que axudaron a cambiar a percepción, como o de "*mujericidios*" e que noutras ocasións anticipa posturas ou ideas para as que despois se crearon termos, como "sororidade" ou "empoderamento".

É máis, Emilia Pardo Bazán foi moi consciente de como mesmo aqueles que reclamaban outras formas de igualdade, como a de clase, permanecían cegos á desigualdade e á inxustiza que se facía coa metade da humanidade. No relato "Lo de siempre", Mariana, que tras a morte do seu pai se disfraza de home para poder traballar desempeñando o oficio de tipógrafo que el lle ensinou, increpa así aos seus compañeiros na imprenta, que reivindican a igualdade e, non obstante, apúpana ao descubrir que é unha muller:

> *¿Para vosotros, farsantes, no soy persona? ¿Qué os decía yo en el café? Que si llegase el momento de afirmar igualdades, seríais como los otros, como los burgueses: igual. ¡Si lo sabía! Pues de otro modo, ¿qué necesidad tenía de disfrazarme? (...) Ni a vosotros os importa la humanidad, ni pensáis sino en vuestro egoísmo. Las mujeres, para instrumento, para divertiros, para pegarles, para que os guisen... ¡Nos queréis por esclavas!*

En prensa, Emilia dá boa mostra da súa capacidade para a sátira ao ridiculizar os obstáculos que se poñían para o acceso da muller a diversas profesións, cando no campo ou entre as clases máis baixas as mulleres exercían traballos de gran dureza física sen que iso supuxese un problema. Revela deste xeito a hipocrisía social que obstaculiza o acceso da muller a postos de maior relevancia como o da política ou a administración:

> *Yo he visto a las mujeres, en mi tierra, segando, cavando, cargando el carro, pisando el tojo, juntando el estiércol, trabajando en obras públicas, chapuzadas en agua hasta el muslo, partiendo piedra, sin que nadie les preguntase si estaban encinta o lactando –particularidad que tanto preocupa a los que se aterrorizan ante la hipótesis de que una diputada llevase en su seno un animado germen de humanidad–. Yo las he visto haciendo oficio de mozos de cordel en las estaciones, porteando baúles; yo las he visto (no digan que es hipérbole) ayudando a tirar de una carreta. Todo esto pueden hacerlo con libertad absoluta, y ni se hunde el firmamento ni tiemblan las esferas, interrumpiendo su armonioso giro. Lo que haría rasgarse el velo del templo y abrirse en los peñascos cada grieta atroz sería que una mujer se sentase en una oficina a despachar expedientes, o en la sala de sesiones de un ayuntamiento a deliberar, como sucede ahora en el Estado de Kansas. Porque es harto sabido que estas funciones las desempeña el hombre con tal puntualidad, actividad, legalidad y maestría que no acertaría la mujer de sustituirle ni el espacio de una hora.*

A produción literaria de Emilia Pardo Bazán está chea de personaxes femininos que desempeñan ou aspiran a desempeñar un traballo, xa por pura supervivencia, como requisito para a anhelada independencia ou como forma de realización persoal. Feíta Neira, protagonista de *Memorias de un solterón*, é quizá o caso máis claro, por ser a que defende con maior contundencia o seu anhelo de independencia. Amparo, a protagonista de *La Tribuna*, é de extracción humilde e traballadora na fábrica de tabacos de Marineda. A elas súmanse a compositora Minia Dumbría de *La quimera*, a actriz Concha de *La dama joven* ou a criada de expresivo nome Esclavitud en *Morriña*. Pero ademais abunda nos relatos este motivo narrativo que, a miúdo, é fonte de conflito: para as mulleres de clase baixa porque a dedicación esperta

os celos ou os malos tratos; para a muller burguesa porque desempeñar unha profesión era unha especie de "deshonra", especialmente criticado se esa dedicación tiña algún tipo de implicación artística ou exposición pública. Mariana é tipógrafa, aínda que para iso teña que disfrazarse de home, en "Lo de siempre"; Martina é labradora en "Los huevos arrefalfados", costureiras Dolores, Cecilia e Claudia en "Casi artista", "Aire" e "La puñalada".

O dereito ao pracer e o rexeitamento da dobre moral

Se o sistema patriarcal non lle permitía á muller formarse nin desempeñar unha profesión que lle proporcionase independencia económica, era especialmente cruel e intransixente en todo o que tivese que ver coa moral sexual ou, de modo máis amplo, coa liberdade e o pracer. Emilia Pardo Bazán foi unha muller vitalista e curiosa, o que a levou a ser transgresora coa moral que na época se lles impoñía ás mulleres. Ela denunciou constantemente a "dobre moral", é dicir, que o que se aceptaba ou mesmo aplaudía nun home se criticase e castigase na muller. Así, nun artigo de prensa de agosto de 1911, desprega toda a súa ironía para revelar esta dobre vara de medir ao analizar a detención dunha muller por fumar en público cando na mesma situación moitos homes fumaban tamén:

> *Leo en un diario que una mujer ha sido detenida por el grave delito de fumar 'desvergonzadamente' donde estaban fumando también, por lo visto con muchísima vergüenza y dignidad, varios hombres. Y añade el diario que la mujer, al ser objeto de medida tan rigurosa, prorrumpió en denuestos e invectivas. Sin duda, la muy torpe no comprendía bien por qué en ella constituía delito lo que en los varones no.*
>
> *Debía, sin embargo, darse cuenta esa fémina atrevida de que el acto de chupar una hierba liada sobre sí misma o en un papel varía muchísimo de significación si lo realizan los labios de un individuo del sexo fuerte o los de otro perteneciente a la más bella mitad del género humano. Un hombre que fuma ejercita uno de los imprescindibles e inalienables derechos que le corresponden, y en cambio una mujer que fuma siempre perturba un poco la buena organización social.*

En numerosas ocasións, a autora expresou a súa admiración polo seu pai, baseada especialmente en ser un home inusitadamente proclive á igualdade, de maneira que unha das ideas que repetía con frecuencia á súa filla era que se alguén lle dicía que non podía facer algo por ser unha muller, ela debía responder que non pode haber dúas morais para dous sexos. Ela fixo súa esta máxima e por iso ataca abertamente a hipocrisía social que xulga de modo diferente a conduta do home e a muller.

Onde máis dolorosamente actuaba a dobre moral era sen dúbida na conduta sexual, tal como reflicten numerosas novelas da época. No Realismo, hai todo un conxunto de novelas

centradas no adulterio da muller burguesa. A novela *Madame Bovary*, de Flaubert, foi a primeira dun ciclo do que tamén forman parte a española *La Regenta* de Clarín, a rusa *Anna Karenina* de Tolstoi, a alemá *Effie Briest* de Theodor Fontane ou a portuguesa *O primo Basilio*, de Eça de Queiroz. En todas elas, o adulterio da protagonista acaba desencadeando unha traxedia na que o final de case todas é a morte, a miúdo por suicidio doloroso. Emma Bovary suicídase inxerindo arsénico, Anna Karenina arroxándose ao tren. Tamén morren finalmente Effie e Luisa. Ana Ozores, a protagonista de *La Regenta*, non morre —o catolicismo de España non aceptaría unha morte por suicidio na protagonista, tan relixiosa ademais durante boa parte da novela—, pero é condenada ao rexeitamento e ao ostracismo social. Con todo, os protagonistas masculinos da obra transgriden a moral sexual sen castigo: os propios maridos a miúdo mantiñan outras relacións, ou tiñan relacións coas criadas, ou recorrían á prostitución, prácticas socialmente aceptadas na época.

Emilia Pardo Bazán dá a réplica a este ciclo de novelas na súa obra *Insolación* (1889), escrita cinco anos despois de *La Regenta*, na que a protagonista, Asís Taboada, inicia unha apaixonada relación transgresora con Pacheco que ten non obstante un final feliz. Nos seguintes fragmentos da novela percíbese a exaltación gozosa que experimenta a protagonista, a súa apreciación da beleza masculina e a súa vitalidade:

> *Señor, ¿por qué no han de tener las mujeres derecho para encontrar guapos a los hombres que lo sean, y por qué ha de mirarse mal que lo manifiesten (aunque para manifestarlo dijesen tantas majaderías como los chulos del café Suizo)? Si no lo decimos, lo pensamos, y no hay nada más peligroso que lo reprimido y oculto, lo que se queda dentro.*
>
> *(...)*
>
> *Aturdida y todo como me encontraba, la idea me asustó: me pareció indecorosa, y vi de una ojeada sus dificultades y riesgos. Pero al mismo tiempo, allá en lo íntimo del alma, aquellos escollos me la hacían deliciosa, apetecible, como es siempre lo vedado y lo desconocido. ¿Era Pacheco algún atrevido, capaz de faltarme si yo no le daba pie? No, por cierto, y el no darle pie quedaba de mi cuenta. ¡Qué buen rato me perdía rehusando!*
>
> *(...)*
>
> *Asís dudó un minuto. Allá dentro percibía, a manera de inundación que todo lo arrolla, un torrente de pasión desatado. Principios salvadores, eternos, mal llamados por el comandante clichés, que regís las horas normales, ¿por qué no resistís mejor el embate de este formidable torrente? Asís articuló, oyendo su propia voz resonar como la de una persona extraña:(...)*
>
> *-Quédate.*
>
> *(...) [E]l sol alumbra con dorada claridad el saloncito, colándose por la ventana que Asís, despeinada, alegre, más fresca que el amanecer, abre de par en par, sin recelo o más bien con orgullo. ¡Ah!, ahora ya se puede subir. Pacheco está allí también, y los dos se asoman, juntos, casi enlazados, como si quisiesen quitar todo sabor clandestino a la entrevista, dar a su amor un baño de claridad solar, y a la vecindad entera parte de boda... Diríase que los futuros esposos deseaban cantar un himno a su numen tutelar, el sol, y ofrecerle la primera plegaria matutina.*

Deste xeito, a relación que comeza de modo transgresor termina felizmente coa unión matrimonial que permitirá a continuación da relación amorosa dos amantes.

Nos relatos, estes mesmos temas son recorrentes. É moi orixinal o tratamento que Emilia Pardo Bazán lle dá á beleza masculina. Así como na historia da literatura a beleza feminina foi un dos temas máis tratados, con todo, non sucede o mesmo coa masculina. Isto débese á asimetría patriarcal: correspóndelle ao home-escritor o papel de creador; á muller o de musa. Así, o home, como suxeito, describe a beleza feminina. Emilia Pardo Bazán eríxese en suxeito que tamén contempla e describe. Así ocorre, por exemplo, no seguinte fragmento do relato "La redada":

> *Entre los gañanes que acababan de entrar en el río arremangados de brazo y pierna, uno, sobre todo, mereció que mi novia no apartase de él los ojos. Era un fornido mocetón que frisaría en los veinte años, y desplegaba vigor admirable para arrastrar la pesada red y sacarla de la corriente. Semidesnudo, como un pescador del golfo de Nápoles; bajo el sol de agosto, que prestaba tonos de terracota a sus carnes firmes y musculosas de trabajador, tenía actitudes académicas y bellas, al atirantar la cuerda y jalar briosamente de la red. Yo acaso no lo hubiese reparado, si la voz de María Azucena, animada por el entusiasmo, no exclamase a mi oído:*
>
> *-Mira, mira ese mozo... ¡Qué fuerzas! Él solo trae la red... Parece una estatua de museo. ¡Da gusto verle!*

Un conto no que o tema mesmo é o rexeitamento da dobre moral é "La novia fiel". Neste relato, do mesmo xeito que en "La redada", rómpese un compromiso e unha voda non chega a realizarse porque en ambos os casos as noivas toman conciencia de algo que impediría a felicidade do matrimonio. No caso de "La redada", María Azucena rompe o compromiso porque é consciente de que os celos patolóxicos do seu noivo condenaríaos á infelicidade. En "La novia fiel", a ruptura do compromiso entre Germán e Amelia sorprende a toda Marineda e só o confesor, segundo nos din nas liñas iniciais do relato, coñece a clave da ruptura. Aínda que xa unhas amigas anticiparan a explicación: "*Anda, tonta; diviértete... ¡Sabe Dios lo que él estará haciendo por allá! ¡Bien inocente serías si creyeses que no te la pega!... A mí me escribe mi primo Lorenzo que vio a Germán muy animado en el teatro con «unas»...*". Son dúas sucesivas revelacións epifánicas as que, tras nove anos de noivado, fan a Amelia consciente da realidade e a levan á ruptura do compromiso.

LIÑA DE VIDA

ANO	EMILIA PARDO BAZÁN	CONTEXTO HISTÓRICO
1851	Emilia Pardo Bazán nace o 16 de setembro na Coruña.	Ese mesmo ano nace Curros Enríquez e morre Mary Shelley.
1853	A nai de Emilia, Amalia de la Rúa, é secretaria da Asociación de Señoras de Beneficencia da Coruña.	Ano de fame en Galicia e de epidemia de cólera especialmente dura na Coruña. A este ano refírese o conto "Ignotus" de Murguía, que se relaciona coa situación de penuria vivida en Galicia.
1859	A familia instálase en Madrid. Emilia asiste a clases nun colexio francés para señoritas.	Publícase *La hija del mar*, de Rosalía de Castro.
1863	A familia instálase na Coruña e Emilia estuda con instrutores privados, asistindo en ocasións aos faladoiros de Juana de Vega, onde coincide tamén con Concepción Arenal.	Ano de publicación de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, obra fundacional do Rexurdimento galego.
1868	Casa con José Quiroga o 10 de xullo. Viven en Santiago, onde el estuda Dereito.	Revolución da Gloriosa.
1869	José Pardo Bazán é elixido deputado nas Cortes e con ese motivo a familia trasládase a Madrid.	Publícanse obras clave do pensamento feminista: *La mujer del porvenir*, de Concepción Arenal e *A escravitude da muller*, de John Stuart Mill e Harriet Mill.
1873	Coñece a Giner de los Ríos e entra en contacto co Krausismo. Viaxa por Europa.	Inicio dos *Episodios Nacionales* de Galdós. Proclámase a Primeira República Española.
1876	Gaña o accésit de ensaio conmemorativo do centenario de Benito Jerónimo Feijoo.	Créase a Institución Libre de Enseñanza.
1879	Publica *Pascual López. Autobiografía de un estudiante de medicina*, obra que se enmarca no xénero da estudiantina compostelá.	Publícase *Casa de bonecas*, de Henrik Ibsen, obra teatral clave na representación literaria do fenómeno da "nova muller".
1880	Funda a *Revista de Galicia*.	Publícase *Follas Novas*, de Rosalía de Castro.
1882	Publica *La cuestión palpitante*, obra clave para a difusión do Naturalismo en España	Nace Virginia Woolf o 25 de xaneiro.
1883	Publica *La Tribuna*.	Nace Franz Kafka, o 3 de xullo.
1884	Oficialízase a separación de José Quiroga .	Publícase *En las orillas del Sar*, de Rosalía de Castro.

AÑO	EMILIA PARDO BAZÁN	CONTEXTO HISTÓRICO
1885	Primeira colección de relatos.	Morre Rosalía de Castro o 15 de xullo.
1886	*Los Pazos de Ulloa*.	*Queixumes dos pinos*, de Eduardo Pondal.
1887	*La Madre Naturaleza*.	*Fortunata y Jacinta*, de Galdós.
1888	De mi tierra. Relación amorosa con Galdós. Aventura con José Lázaro Galdinao na Exposición Universal de Barcelona.	*O divino sainete*, de Curros Enríquez.
1889	*Insolación*, Morriña, e "La mujer española".	Emmeline Pankhurst, figura clave do sufraxismo, funda a liga pola liberación das mulleres.
1892	Participa no Congreso Pedagóxico, onde pronuncia a conferencia "La educación del hombre y de la mujer". Publica a tradución da obra de John Stuart Mill *A escravitude feminina*.	*Tristana*, de Galdós, novela que aborda o problema da educación e emancipación das mulleres.
1894	*Doña Milagros*.	*As tecedeiras de Bonaval*, de Antonio López Ferreiro.
1896	*Memorias de un solterón*, cuxa protagonista Feíta Neira encarna paradigmaticamente a "nova muller"	Morre Harriet Beecher-Stowe, autora de *A cabana do tío Tom*, auténtico manifesto abolicionista.
1897	Curso sobre "A literatura contemporánea" na Cátedra do Ateneo de Madrid.	Nace Dorothy Arzner, única directora de cinema no Hollywood dos anos 30.
1905	Presidenta de honra da Real Academia Galega (RAG).	Fúndase a Real Academia Galega.
1906	É nomeada presidenta da Sección de Literatura do Ateneo de Madrid, e convértese a primeira muller en conseguir este cargo.	Finlandia recoñécelles ás mulleres o dereito para votar e a ser elixidas, e dá comezo no territorio europeo o proceso que noutros contextos aínda requirirá unha ardua loita.
1912	Terceiro intento de entrar na Real Academia Española. Morre José Quiroga.	Manifestación sufraxista o 6 de maio en Nova York.
1916	Recibe o nomeamento de catedrática de Literatura contemporánea de Linguas Neolatinas na Universidade Central de Madrid.	Fúndanse as Irmandades da Fala en Coruña.
1918	Comeza a publicar artigos de prensa en ABC .	Recoñécese o dereito ao voto ás mulleres de máis de 30 anos no Reino Unido.
1921	Morre en Madrid o 12 de maio.	Nace en Barcelona Carmen Laforet.

7. INTEGRACIÓN CURRICULAR

A presente unidade foi deseñada para a súa implementación nos cursos de 4.º da ESO e 1.º de BAC, nos que atopa un perfecto encaixe no currículo. Así, para o nivel de 4.º da ESO, no bloque de Educación Literaria, o contido B4.2. é a "Aproximación ás obras máis representativas da literatura española desde o século XVIII aos nosos días a través da lectura e a explicación de fragmentos significativos e, se é o caso, de obras completas. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas etc.".

A presente unidade non só se aproxima á obra dunha autora clave no contexto da literatura española na segunda metade do século XIX, senón que, como veremos, dado o enfoque especificamente centrado na cuestión de xénero, responde de modo paradigmático a unha aproximación sociolóxica á literatura centrada na reflexión e superación de estereotipos de xénero. Así mesmo, o enfoque metodolóxico e as actividades expostas conectan directamente co contido B4.3., referido á redacción de textos de intención literaria, pois a actividade de síntese final integradora consiste precisamente na creación dun relato que integre as reflexións sobre as cuestións de xénero desenvoltas durante a unidade.

De modo semellante, a unidade conecta de modo directo, no curso de 1.º de BAC, cos contidos B4.1., B4.2. e B4.4., que apuntan respectivamente ao estudo das obras, a súa análise e interpretación crítica nun marco temporal que abarca desde a Idade Media ao século XIX. Faise unha énfase especial no currículo de bacharelato na detección de "as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural", e segue incidindo, como xa sucedía no currículo da ESO, na "Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas etc.". Esta dimensión de análise e interpretación crítica favorece a utilización da figura de Emilia Pardo Bazán para a iniciación á investigación, a través da realización dun traballo, que se propón como actividade final integradora para este nivel, que implica múltiples competencias e mobiliza diversos saberes e habilidades.

Esta tarefa final integradora desenvolve en plenitude o contido B2.4 e o criterio de avaliación asociado, centrado na realización de traballos de investigación, aos que son aplicables diversos estándares de aprendizaxe centrados na planificación e elaboración dos devanditos traballos, o uso das tecnoloxías da información e a comunicación para a documentación, con capacidade de discriminación entre fontes e o respecto ás normas de organización e presentación de traballos escritos.

8. COMPETENCIAS CLAVE

O enfoque da unidade que aquí propoñemos é claramente competencial, isto é, orientado ao saber facer, e non á mera adquisición pasiva de coñecementos. A aposta por metodoloxías activas implica que o alumnado estea constantemente poñendo en práctica diversas competencias e asistindo, así, ao seu desenvolvemento. A continuación, especificamos a contribución da unidade a cada unha das sete competencias clave, xerarquizadas segundo o grao de importancia, e, evidentemente, a competencia en comunicación lingüística, a competencia en conciencia e expresións culturais, pero tamén as competencias sociais e cívicas son aquelas as que a unidade atende en maior medida:

Competencia en comunicación lingüística (CCL): a unidade implica as distintas destrezas comunicativas, orais e escritas, na dobre vertente de recepción e produción. Formúlanse actividades de lectura (en grupo ou individualmente), análise de textos, cuxa posta en común se realiza oralmente. Inclúense debates, realízanse tarefas de escritura, tanto expositiva como ficcional, así como, para o nivel de 1.º de BAC, un traballo de investigación. Deste xeito, a competencia en comunicación lingüística traballarase de modo constante durante toda a unidade e obteranse varios instrumentos para a súa avaliación.

Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC): o traballo directo cos textos literarios, baseado fundamentalmente na lectura e a análise, implica unha aproximación a unha forma clara de creación cultural, a literatura, desde unha perspectiva lingüística, estilística e sociolóxica. Ademais, faise unha aposta pola aproximación interartística, mediante a incorporación das artes plásticas como elementos de comparación que permiten unha análise visual e a identificación de principios subxacentes ás distintas formas de creación artística. En suma, a unidade transmite con forza o papel xogado pola creación na conformación das sociedades, isto é, como a creación non é un mero entretemento ou adorno, senón que contribúe a construír o modo en que pensamos e a cambiar a sociedade en que vivimos.

Competencias sociais e cívicas (CSC): a formulación da unidade faise desde unha clara perspectiva de xénero e de aposta pola educación para a igualdade. A figura de Pardo Bazán é especialmente propicia para o tratamento desta cuestión que implica un dos piares do sistema educativo. Pode dicirse que boa parte da unidade se centra nunha aproximación sociolóxica á obra de Pardo Bazán que pretende promover a reflexión e a sensibilización cara á igualdade. Especificamente, abórdase a cuestión da violencia de xénero, e proponse a lectura dun conxunto de contos que teñen unha gran forza emocional para promover a empatía e ao rexeitamento cara á violencia.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): no conxunto das actividades expostas ao longo da unidade promóvese a autonomía e toma de decisións por parte do alumnado. As tarefas en pequeno grupo implican unha autoxestión. Están guiadas, pero non pechadas, deixan marxe de autonomía e decisión e convidan, en todo momento, ao razoamento e ao desenvolvemento do espírito crítico.

Competencia de aprender a aprender (CAA): a propia aposta por metodoloxías activas favorece unha actitude no alumnado que potencia a competencia de aprender a aprender. Aínda que se guiará o alumnado ao longo da unidade, tamén hai unha parte importante de aprendizaxe e traballo autónomo.

Competencia dixital (CD): ao longo da sesión promóvese que o alumnado acceda a textos e relatos a través da aula virtual, que elabore informes ou traballos de investigación para os que deberán consultar fontes e empregar procesadores de textos, e darlles un formato e tratamento informático adecuado ás súas producións.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): aínda que esta poida parecer a competencia máis afastada desta unidade didáctica, queremos poñer o foco na dimensión de Emilia Pardo Bazán como divulgadora científica, que tamén é considerada nesta unidade. As propias características do Naturalismo favorecen a inclusión de termos médicos e científicos nos textos e, sen dúbida, o contexto histórico foi decisivo para o desenvolvemento da ciencia, algo ao que tanxencialmente se aproximará o alumnado nesta unidade.

9. METODOLOXÍA

De acordo coas tendencias pedagóxicas actuais e, máis especificamente, as referidas á educación literaria, a metodoloxía empregada nesta unidade didáctica baséase en metodoloxías activas que promoven a acción por parte do alumnado, tendo como eixo central a lectura de textos e a súa análise, non só desde un enfoque eminentemente formal ou estilístico, senón tamén emocional e sociolóxico. A lectura, a análise e a reflexión compartida, que acolla as reaccións espontáneas do alumnado ás situacións narrativas expostas, que conecte o texto coas propias emocións e os problemas sociais, especialmente os vinculados aos temas de igualdade, é o eixo central da unidade.

O tipo de traballo exposto engloba o conxunto das competencias lingüísticas: tanto orais, a través da lectura compartida e as postas en común a través de intervencións orais; como escritas, pois a lectura e a creación de textos escritos tanto expositivo-argumentativos (síntese e reflexións) como de creación (tarefa integradora final de taller literario que implica a creación dun relato sobre cuestións de igualdade) son esenciais na unidade. Así mesmo, profúndase na competencia en conciencia e expresións culturais, a través dun achegamento ao literario que pon de relevo a importante función social da produción cultural, a súa íntima unión co contexto histórico no que se produce e a súa importancia á hora de configurar as sociedades. O enfoque metodolóxico é, por tanto, eminentemente competencial e comunicativo. Así mesmo, a innovación educativa está presente a través dunha actividade con cartografía literaria e outra baseada nunha formulación interartística, o que diversifica, non só

a metodoloxía de indagación, senón tamén achega ao alumnado a linguaxes e lecturas diferentes que complementan a palabra escrita: "ler un mapa", "ler un cadro".

A interpretación de cadros por parte do conxunto da clase, ou a distribución de textos en distintos grupos, para obter unha visión máis ampla das realidades estudadas e favorecer as postas en común a través do uso da lingua oral, introduce o traballo colaborativo e o traballo coa oralidade. Pola súa banda, a posibilidade de poñer á disposición do alumnado os relatos a través de aulas virtuais favorece a autonomía e iniciativa persoal.

A atención posta, tanto na liña do tempo como no conxunto dos materiais, ao paralelismo coa literatura en lingua galega e particularmente con Rosalía de Castro (especialmente no seu común posicionamento a favor da igualdade) favorece o achegamento interdisciplinar. Esta interdisciplinariedade pode verse ampliada a través da tarefa, que introduce a gamificación, de crear un xogo de tarxetas de liña do tempo vinculado á propia Pardo Bazán e ás cuestións de igualdade, que implicaría unha colaboración cos departamentos de Historia e Educación Plástica.

Especificamente, no relativo á educación literaria, a aposta pola lectura e a reflexión, emocional e sociolóxica, sobre o lido, achégasenos a aspectos esenciais da creación e, especialmente, á función que a literatura cumpre para as necesidades psicolóxicas individuais e as funcións sociais de orde colectiva. A proposta formulada nesta unidade baséase en enfoques literarios, pragmáticos e sociolóxicos que recuperan o valor da resposta emocional ao texto, a importancia dos aspectos semánticos ou de contido, as implicacións ideolóxicas etc. Estas lecturas enriquecen a comprensión dos aspectos narratolóxicos sobre os que se constrúen os textos: a voz narradora, a elección do foco ou punto de vista, a construción do espazo narrativo, os elementos de ritmo e orde, a construción e caracterización dos personaxes, o desenvolvemento da trama etc.

10. RECURSOS

Boa parte da obra de Emilia Pardo Bazán está accesible no portal de Cervantes Virtual, que ademais lle dedica un portal específico. Este portal inclúe tamén numerosa bibliografía:

- http://www.cervantesvirtual.com/portales/pardo_bazan/

Portal dedicado a escritoras españolas:

- http://www.cervantesvirtual.com/portales/escritoras_espanolas/

Páxina web de Casa-Museo Emilia Pardo Bazán:

- http://www.casamuseoemiliapardobazan.org

Audiolibros:

- https://www.youtube.com/watch?v=VJ-lApY8z5A
- https://www.youtube.com/watch?v=Au225rcrj_c

Documentais:

- https://www.rtve.es/alacarta/videos/mujeres-en-la-historia/mujeres-historia-emilia-pardo-bazan/849428/

Arquivo histórico de RTVE de literatura en español:

- https://www.rtve.es/archivo/escritores-en-el-archivo/

11. ACTIVIDADES

As seguintes actividades foron creadas a partir de distintos criterios. Por unha banda, procurouse, sen esquecer a epistemoloxía propiamente literaria, ofrecer diversas metodoloxías de análises e reflexión sobre os contidos, incluíndo a lectura crítica de textos, a análise narratolóxica, a lectura de obras artísticas, o tratamento cartográfico do espazo realista, a indagación e investigación e a creación literaria.

As actividades parten da selección de contidos que o profesorado presentase na aula a partir da carpeta que inclúe esta unidade didáctica. Deste xeito, as actividades expostas responden aos seguintes puntos da *carpeta de contidos para o profesorado*:

- Notas biográficas e evolución de Emilia Pardo Bazán.
- Distinción entre Realismo e Naturalismo. Identificación de trazos de cada unha das correntes.
- Obra narrativa de Emilia Pardo Bazán.
- A igualdade de xénero en Emilia Pardo Bazán.

No que concirne aos criterios de selección de textos, nunha obra tan vasta como valiosa sempre hai ausencias notables. Neste caso privilexiouse a inclusión daquelas obras pouco coñecidas, ou completamente descoñecidas, da autora, co ánimo de abrir o abanico de textos. Os relatos, sobre todo no relativo á cuestión de xénero, adquiren notable protagonismo. Estes son facilmente trasladables á aula, tanto de 4.º da ESO como de 1.º de BAC, debido á súa brevidade e actualidade. Finalmente, as actividades responden a diversos graos de complexidade, e poden ser facilmente seleccionadas polo profesorado e adaptadas a distintos grupos e escenarios.

ACTIVIDADE 1 (1 sesión)

Unha das finalidades desta unidade didáctica foi levar á aula unha Emilia Pardo Bazán profundamente descoñecida. Despois de presentar os contidos relacionados coas notas biográficas e a evolución intelectual da escritora, proponse que o alumnado confronte os seus coñecementos previos cos contidos que acaba de adquirir. Formúlase esta actividade como unha serie de preguntas individuais que fomentan a reflexión, o espírito crítico e a investigación, á vez que pon o foco na expresión escrita.

RESPONDE as seguintes cuestións...

1. Con que trazos cualificarías a Emilia Pardo Bazán? Que destacarías da súa personalidade? Descríbea nun parágrafo de, polo menos, seis liñas.

2. O padre Feijoo foi un modelo para a autora. En que sentidos se pode afirmar que Emilia Pardo Bazán foi unha muller ilustrada? Que paralelismos ten co padre Feijoo?

3. A súa actividade a favor da igualdade foi constante ao longo da súa vida. Sinala tres iniciativas ou ideas da autora que chamaran a túa atención. Razoa a túa resposta.

4. No caso de coñecer algún aspecto da vida ou a obra de Emilia Pardo Bazán, correspóndese coa imaxe previa que tiñas dela? Razoa a túa resposta.

.... E INVESTIGA

5. Na unidade didáctica aparecen institucións ou iniciativas de gran relevancia na época como a Institución Libre de Enseñanza ou os Xogos Florais. Investiga sobre elas e dedica un parágrafo para explicar cada unha.

6. Emilia Pardo Bazán non foi a única muller avanzada na súa época. Neste tema aparecen os nomes doutras mulleres. Escolle dúas delas e recompila información que responda a unha breve presentación de cada unha.

ACTIVIDADE 2 (1 sesión)

Antes da explicación dos contidos do bloque de contidos que corresponde ás correntes do **Realismo e o Naturalismo** realizarase unha actividade co grupo completo, baseada no descubrimento e a reflexión colectiva. Nela o alumnado partirá dos seus coñecementos previos con respecto ao Romanticismo e mediante a comparación, a confrontación e a dedución achegarase aos trazos fundamentais que distinguen o Romanticismo do Realismo. O papel do profesorado será fundamental, ao actuar como guía e orientar o alumnado cara a unha aprendizaxe significativa. Esta actividade permite introducir a educación artística e a linguaxe pictórica, de maneira que o alumnado confronta linguaxes diferentes.

Presentación da actividade

Observade detidamente os dous cadros que se inclúen a continuación. O primeiro deles pertence a Caspar David Friedrich, *O camiñante sobre o mar de nubes* (1818); o segundo titúlase *L'atelier du peintre*, de Gustave Courbet (1855), que inaugura a corrente do Realismo.

A partir dunha análise detida, a descrición e a consecuente interpretación de ambas as imaxes, identificade os trazos sobresalientes que distinguen cada unha das correntes.

Que representa cada cadro? Que destaca? Que emoción ou sentimentos esperta no espectador? Como están dispostos os elementos? Que tonalidades predominan en cada cadro?

Cales son os cambios máis rechamantes? Que trazos podemos extrapolar destas imaxes que sexan representativas do Romanticismo e do Realismo? Como cres que repercutirán na literatura?

Caspar David Friedrich, *O camiñante sobre o mar de nubes* (1818)

Gustave Courbet, *L'atelier du peintre (1855)*

ACTIVIDADE 3 (1 sesión)

Emilia Pardo Bazán foi a principal crítica literaria do Naturalismo literario en España, e asentou con rigorosidade o debate aceso da época. Nesta actividade proponse que o alumnado lea un texto da súa obra *La cuestión palpitante*, de modo que poida comprender a transcendencia das súas achegas. Ao longo dunha lectura activa en grupo, o profesorado guiará o alumnado naqueles puntos máis sobresalientes: as metáforas de "abrir" e "pechar" xanelas, o significado do realismo como "unha teoría máis ancha, completa e perfecta que o naturalismo" ou que significa a unión entre "o natural e o espiritual".

Paralelamente incorpórase a análise dun fragmento de *Los Pazos de Ulloa* no que se analizan técnicas narratolóxicas e trazos naturalistas. Esta actividade está exposta, especialmente, para 1.º BAC.

- Le detidamente o seguinte fragmento de *La cuestión palpitante* de Emilia Pardo Bazán, subliña as ideas principais e responde as seguintes preguntas:

LA CUESTIÓN PALPITANTE

Tal cual la expone Zola, adolece la estética naturalista de los defectos que ya conocemos. Algunos de sus principios son de grandes resultados para el arte; pero existe en el naturalismo, considerado como cuerpo de doctrina, una limitación, un carácter cerrado y exclusivo que no acierto a explicar sino diciendo que se parece a las habitaciones bajas de techo y muy chicas, en las cuales la respiración se dificulta. Para no ahogarse hay que abrir la ventana: dejemos circular el aire y entrar la luz del cielo.

Si es real cuanto tiene existencia verdadera y efectiva, el realismo en el arte nos ofrece una teoría más ancha, completa y perfecta que el naturalismo. Comprende y abarca lo natural y lo espiritual, el cuerpo y el alma, y concilia y reduce a unidad la oposición del naturalismo y del idealismo racional. En el realismo cabe todo, menos las exageraciones y desvaríos de dos escuelas extremas, y por precisa consecuencia, exclusivistas.

1. En que sentido se di que o Naturalismo dificulta a respiración? Que críticas fai desta corrente literaria?

2. Que ofrece o Realismo fronte ao Naturalismo? Que significa que "abarca o natural e o espiritual"?

3. Por que sente máis cómoda Emilia Pardo Bazán no Realismo?

- Le detidamente o seguinte fragmento de Los Pazos de Ulloa e responde as preguntas que se expoñen a continuación:

LOS PAZOS DE ULLOA

En la copita pequeña escanció también ron, que paladeó mientras el café se enfriaba. El marqués le tendió la petaca llena.

- Muchas gracias... - pronunció el médico encendiendo un habano. Por ahora estamos a ver venir. La señora es novicia, y no muy fuerte... A las mujeres se les da en las ciudades la educación más antihigiénica: corsé para volver angosto lo que debe ser vasto; encierro para producir la clorosis y la anemia; vida sedentaria para ingurgitarlas y criar linfa a expensas de la sangre...Mil veces mejor preparadas están las aldeanas para el gran combate de la gestación y alumbramiento, que al cabo es la verdadera función femenina.

[...] Aquel fanático de la higiene no predicaba con el ejemplo. Asegurábase que tenía la culpa el ron y una panadera de Cebre, con salud para ver y regalar a cuatro doctores higienistas.

1. Identifica o tipo de narrador e xustifica a túa resposta. Que intencionalidade ten?

2. Como caracteriza fisicamente o doutor as mulleres? Que contraste establece entre elas? Segundo o doutor, cal é a verdadeira función feminina?

3. Analiza os trazos naturalistas do fragmento.

ACTIVIDADE 4 (1 sesión)

A seguinte actividade combina a metodoloxía da análise narratolóxica coa cartografía literaria. Inicialmente o alumnado, atendendo ás cuestións estudadas con relación á obra novelística da autora, os trazos e técnicas do Realismo e os seus coñecementos de análises narratolóxicas, analizará un fragmento de *La Tribuna*. Neste fragmento incidirase nas técnicas descritivas (emprego da xustaposición, enumeracións, oracións subordinadas, adxectivación), as marcas de narrador omnisciente editorial e o tema realista, no que se denuncia o duro traballo dun barquilleiro, neste caso, o pai da protagonista. Esta actividade está exposta, especialmente, para 1.º de BAC.

LA TRIBUNA

El que viese aquellos cañutos dorados, ligeros y deleznables como las ilusiones de la niñez, no podía figurarse el trabajo ímprobo que representaba su elaboración. Mejor fuera manejar la azada o el pico que abrir y cerrar sin tregua las tenazas abrasadoras, que además de quemar los dedos, la mano y el brazo, cansaban dolorosamente los músculos del hombro y del cuello. La mirada, siempre fija en la llama, se fatigaba; la vista disminuía; el espinazo, encorvado de continuo, llevaba, a puros esguinces, la cuenta de los barquillos que salían del molde. ¡Y ningún día de descanso! No pueden los barquillos hacerse de víspera; si han de gustar a la gente menuda y golosa, conviene que sean fresquitos. Un nada de humedad los reblandece. Es preciso pasarse la mañana, y a veces la noche, en fabricarlos, la tarde en vocearlos y venderlos. En verano, si la estación es buena y se despacha mucho y se saca pingüe jornal, también hay que estarse las horas caniculares, las horas perezosas, derritiendo el alma sobre aquel fuego, sudando el quilo, preparando provisión doble de barquillos para la venta pública y para los cafés.

1. Identifica o tipo de narrador do texto. Emite xuízos de valor ou expón unha descrición obxectiva?

2. Por que este fragmento pertence a unha obra realista? Xustifica a túa resposta.

3. Como é o traballo do barquilleiro? É un tema que se enmarca no Realismo?

4. Analiza as técnicas descritivas do fragmento.

A segunda parte da actividade consiste en realizar un mapa literario dunha serie de espazos ficcionais da obra de Emilia Pardo Bazán proporcionados na actividade. Posto que o Realismo aspira á representación do espazo e tempo contemporáneo, a representación nun mapa físico de espazos ficcionais está plenamente xustificada. Este exercicio mostrará a presenza de Galicia na súa obra e como se move, en idéntico rango de importancia con outros espazos europeos como Madrid ou París. Con todo, máis alá dunha primeira xeolocalización dos espazos, a finalidade será que, a través dunha serie de preguntas, o alumnado reflexione sobre o vínculo entre personaxe e espazo. Con esta metodoloxía preténdese favorecer tanto a investigación como a autonomía e a aprendizaxe autónoma.

1. Identifica cada unha das seguintes obras de Emilia Pardo Bazán co espazo correspondente. A continuación, trasládao ao mapa mudo de inicios do século XX:

Pascual López	**París**
La Tribuna	**A universidade de Santiago de Compostela**
Los Pazos de Ulloa	**O pazo dos Ulloa**
Insolación	**Fábrica de tabacos**
La Quimera	**A romaría de San Isidro**

Responde as seguintes preguntas:

1. En cada unha das obras que se indican, que espazo/s se asocian co personaxe principal?

2. Como inflúe ou define o espazo no personaxe?

3. Clasifica o/s espazo/s entre urbano/rural; público/privado; liberador/asfixiante.

ACTIVIDADE 5 (1 sesión)

Introducirase esta actividade abordando os problemas do acceso das mulleres á educación. Nun intercambio co grupo, presentaráselles o tema preguntando desde cando cren que as mulleres poden estudar na universidade en España. En realidade, antes de 1910 tanto para estudar na universidade como para cursar educación secundaria (que comezaba entón aos dez anos) era preciso contar cun permiso ou autorización especial. En diálogo co alumnado, introducirase a idea de que a loita polo dereito á educación das mulleres estivo moi presente na literatura do século XIX. As mulleres escritoras eran moi conscientes das dificultades que tiveron para formarse. A propia Emilia sinalou nos seus apuntamentos autobiográficos: "*Apenas pueden los hombres formarse idea de lo difícil que es para una mujer adquirir cultura autodidacta y llenar los claros de su educación*".

A continuación, distribuiranse por grupos (preferiblemente de conformación mixta) os seguintes textos, para que poidan lelos e comentalos. Posteriormente un representante ou portavoz do grupo expoñerá as liñas esenciais do texto e da súa reflexión para o conxunto. Na posta en común oral insistirase en que se expresen con claridade, e que apliquen á súa exposición toda a atención en aspectos de prosodia, entoación, apelación ao receptor, organización do discurso e coidado do rexistro, así como construción lingüística que permita captar e manter a atención do auditorio e comunicar con eficacia. Para iso deben ter en conta que os membros dos demais grupos non leron o texto do que van falar, e por tanto deben expresarse con claridade e facer referencias explícitas ao contido do texto, non dando por suposto datos ou coñecementos previos deste

Texto 1.

> *-Tome usted asiento a mi lado, Melchor -le dijo la vieja al novio tan pronto como quedaron solos-, y tú, Mariquita, levanta esa cabeza, que yo te lo permito. Usted no extrañará que se muestre tan tímida y ruborosa, porque, como yo la he educado a mi manera, apenas se atreve a alzar los ojos para mirar a nadie como yo no se lo diga. Mejor esposa no podría usted encontrarla en diez leguas a la redonda, porque, aun cuando yo fuera su propia madre, no se me parecería más de lo que se me parece. Eso sí; no sabe nada de nada y no como otras, que en todo quieren meterse y aprender lo que no les conviene. De casa a la iglesia y de la iglesia a casa, siempre a mi lado y siempre a la sombra de mi brazo; tal fue su vida y lo mismo entiende de las cosas del mundo que si no existiesen. Cieguita la tengo, como un gatito recién nacido... ¿qué más se le puede pedir?*

El caballero de las botas azules, Rosalía de Castro (1867)

Neste fragmento de E*l caballero de las botas azules*, de Rosalía de Castro, podemos escoitar a voz de Dorotea, directora dunha escola para señoritas na que educou a súa sobriña. Neste texto presume ante Melchor, ao que pretenden casar coa súa sobriña Mariquita, da educación que recibiu —ou máis ben, non recibiu—, onde a ignorancia é a gran virtude que exhibe como un mérito.

Texto 2.

Quejábase amargamente de no haber tenido a su lado, en tanto tiempo, personas que supieran ver en ella una aptitud para algo, aplicándola al estudio de un arte cualquiera. «Ahora me parece a mí que si de niña me hubiesen enseñado el dibujo, hoy sabría yo pintar, y podría ganarme la vida y ser independiente con mi honrado trabajo. Pero mi pobre mamá no pensó más que en darme la educación insustancial de las niñas que aprenden para llevar un buen yerno a casa, a saber: un poco de piano, el indispensable barniz de francés, y qué sé yo... tonterías. ¡Si aun me hubiesen enseñado idiomas, para que, al quedarme sola y pobre, pudiera ser profesora de lenguas...!

Tristana, Benito Pérez Galdós (1892)

Neste fragmento, pertencente a *Tristana*, de Galdós, é a propia protagonista que lle dá título á novela a que se lamenta da educación recibida e de como esta non a capacitou para poder gozar de independencia profesional e económica.

Texto 3.

Ahora podría dedicarse a obligaciones grandes, pero al tiempo concretas; ahora se le permitiría vivir continuamente a la luz de una mente que pudiera reverenciar. En esta esperanza no estaba ausente el destello del gozo orgulloso la jubilosa sorpresa juvenil de ser elegida por el hombre al que había escogido su admiración. Toda la pasión de Dorothea se vio trasegada a través de una mente que luchaba por conseguir una vida ideal. Y el resplandor de su niñez transfigurada recayó sobre el primer objeto que encajó en su nivel. El ímpetu con el que la inclinación se convirtió en decisión se acrecentó por esos pequeños sucesos del día que habían provocado su disconformidad con las circunstancias actuales de su vida.

Después de cenar, mientras Celia tocaba un «aire con variaciones», un pequeño tintineo que simbolizaba la parte estética de la educación de una joven, Dorothea subió a su habitación para contestar la carta del señor Casaubon.

Middlemarch, George Eliot (1874)

En *Middlemarch*, de George Eliot, a protagonista, Dorothea, aspira a unha vida chea de coñecemento, aprendizaxe e sentido, e a única vía que ve para iso é casar cun home moito maior que ela, ao que considera sabio. No fragmento, asistimos ao seu pensamento no momento xustamente anterior a escribir a carta na que aceptará o compromiso. Tristemente, irá descubrindo que a sabedoría de Casaubon é máis aparente que auténtica. Este texto é quizá o menos autónomo para a súa interpretación, polo que é conveniente orientar o grupo que se encargue da súa lectura proporcionándolle o contexto argumental máis amplo para que poidan interpretalo.

Texto 4.

-Me hago cargo -suele exclamar Feíta- de lo mucho que ignoro. No crea V. que necesito que me lo cuente nadie. ¡Soy yo más lista! Y tenga por seguro que si no reviento he de aprenderlo todito. ¿No ve V. que a mí, como enseñar, no me han enseñado ni esto? Coser, bordar, rezar y barrer, dice mi padre que le basta a una señorita. Un día recuerdo que hasta me puse de rodillas para que me enviasen al Instituto, como a Froilán, y papá salió con que me hartaría de azotes si volvía a hablar de semejante cosa. No me asustan los azotes, ni mi padre es capaz de azotarnos con un hilo de seda; pero ni tenía dinero para las matrículas, ni los catedráticos me recibirían contra gusto de papá. Y cuando una es chiquilla, chiquilla... no hay coraje para nada. Hoy me arremango y voy si quiero; pero hoy ya estudio yo sola, lo mismo que en el Instituto. ¡O más si se me antoja, hombre!

-¡Pues hizo bien su padre de V., mujer! ¡Sería una ridiculez ir allá!

-¿Y por qué había de ser una ridiculez? Pago un duro de mis ahorros por cada razón que V. me dé.

-Pero, hija mía (yo solía tratar a Feíta así, paternalmente); ¿a qué se compara V. con Froilán? ¿no ve V. que Froilán es hombre y necesita tener carrera?

-¿Froilán hombre? Froilán jumento -respondía perentoriamente e imitando el habla de los negros la diabólica.

-No sea V. así. Froilán ha de concluir sus estudios y vivir de lo que gane.

-¡Ah! Pillete -replicaba ella-. ¿Conque vivir de lo que gane? Y yo, ¿me quiere V. decir de qué he de vivir cuando mi padre se vaya al otro mundo? ¿Acaso tengo mayorazgos que Froilán no tiene?

-V.... V. vivirá de lo que gane su maridito.

-¡Maridito! Sí, que andan los mariditos mantenedores de sus mujeres por ahí a patadas. Mire V. el de Tula, qué bien la mantiene. La da de almorzar mojicones finos, y de comer legítimas galletas. ¡Rayo en los mariditos mantenedores! Además, ¿de dónde saca V. que quiero recibir de nadie lo que puedo agenciarme yo misma? ¡Me parece cargante y retecargante y hasta

humillante la ocurrencia! ¡Y no sé cómo a Vds. los hombres no les revuelve el estómago eso de que han de tomarles siempre las mujeres por caballos blancos!

Memorias de un solterón, Emilia Pardo Bazán (1896)

En *Memorias de un solterón* (1896), Emilia Pardo Bazán crea un personaxe feminino de especial relevancia, Feíta Neira, pois encarna perfectamente o personaxe de "a nova muller": Feíta aspira a traballar, a ser economicamente independente e a non depender dun marido para a súa supervivencia. Contrasta enormemente coas súas irmás. No diálogo con Mauro Pareja podemos asistir á afirmación das súas ideas, que no contexto da época resultaban provocadoras e revolucionarias. De novo, a través das súas palabras denúnciase a educación propia dunha "señorita" e ao afán por estudar, frustrado polos límites que a sociedade da época lles impoñía ás mulleres.

Tras a posta en común, convidarase o alumnado a identificar as liñas comúns que subxacen aos distintos textos e introducirase a idea de que estas son só algunhas mostras de como a cuestión da educación das mulleres ocupa un lugar central nas novelas do século XIX. A partir de aí, poderase formular a pregunta de se hoxe en día a educación das nenas é plenamente igualitaria, se coñecen o personaxe de Malala, se segue habendo nesgos na elección de estudos e carreiras profesionais e a que poden deberse.

Malala é a persoa máis nova en gañar un premio Nobel, o da paz, pola súa firme loita polo dereito para estudar, que a punto estivo de custarlle a vida. Poñerase de relevo a loita de Emilia Pardo Bazán e outras figuras pioneiras para lograr o recoñecemento do dereito que hoxe todas temos na nosa sociedade.

Na seguinte páxina da ONU o alumnado poderá profundar na figura de Malala e a súa loita polo dereito das nenas á educación:

- https://www.un.org/es/mensajeros-de-la-paz/malala-yousafzai

A finalización desta actividade pode concluír coa elaboración dun texto expositivo-argumentativo no que reflexionen sobre a situación actual das mulleres con relación á educación e na que recollan os aspectos esenciais da posta en común na aula. Poderá ser complementada con procura de información sobre Malala, datos sobre os países nos que as mulleres non acceden á educación etc.

ACTIVIDADE 6 (1 sesión)

A seguinte actividade céntrase no tema da xustiza, ou máis ben, a falta de xustiza con relación á muller. Esta actividade está directamente vinculada coa número 7. Iniciarase presentando ao alumnado a seguinte afirmación de Emilia Pardo Bazán: "*La mujer no hace las leyes, ni puede siquiera designar al que ha de hacerlas; pero las sufre de lleno, sin atenuaciones; la penalidad es para ella igual en todo caso y mayor en algunos que para el varón. Así se entiende la justicia*". A partir desta frase, poñéndoa na relación cos contidos da carpeta, o profesorado terá a oportunidade de incorporar as ideas de Víctor Hugo ou Benito Pérez Galdós sobre a pena de morte. A continuación, explicará o argumento de *La piedra angular*, antes de proceder á análise do texto. Focalizarase na caracterización claramente negativa do xuíz, as súas apreciacións sobre a sospeitosa e como xa foi xulgada polo mero feito de ser muller. As descricións, a adxectivación e os xiros lingüísticos adquirirán especial relevancia.

- Le detidamente o seguinte fragmento de *La piedra angular* e responde as preguntas que se expoñen a continuación:

LA PIEDRA ANGULAR

Entró el Juez con sobrealiento de hombre rendido de fatiga, limpiándose el sudor de la frente, y más serio y preocupado que antes. Era rubio, grueso, flemático, jovial, y no solía ahogarse en poca agua, por donde Moragas infirió que lo que así le preocupaba tenía que revestir verdadera gravedad. Al encontrarse en el cenador, donde corría un fresco deleitoso, y los jazmines olían regaladamente, y la cerveza sonreía en el limpio tanque, la fisonomía de Priego se sosegó y aclaró, y exclamando, como lo haría cualquiera en su caso, «¡Uff!», se derrocó en el banco de madera rústica, y contestó a lo que preguntaba su huésped, más con los ojos que con la lengua.

-Pues... ¡cosa gorda... gorda! O mucho me engaño, o este crimen va a dar que hablar, no sólo aquí sino en la prensa de la corte... ¡Ay, qué agradecido quedo a esta bebida! He sudado el quilo, y como no era cosa de que el Juez se pusiese a refrescar con vino en la taberna... Sí, yo también pensé, al recibir el parte, que se trataba de una riña...; aquí son el pan nuestro de cada día, porque no he visto gente más dispuesta a andar a estacazos que la de estas parroquias. Pero ya desde que tomé los primeros vientos comprendí que era algo más... Ya la verdad me hizo poca gracia, porque si los periódicos dan en jalear estas cosas, raro es el juez que sale bien librado. Que si fue, que si vino, que si debió hacer esto o lo otro... Y a nadie le gusta salir a pública vergüenza. ¡Señor! Esta cerveza conforta.

-Y la mujer que va presa, ¿qué papel juega en todo ello? -preguntó con afán Moragas.

-¡Una friolera! ¿La ha visto usted tan... así... que parece que no rompe un plato? Pues o mucho me engaño... o es autora material... o por lo menos coautora e instigadora del crimen. Es la mujer del muerto..., mejor dicho la viuda del interfecto, -añadió Priego festivamente, empezando a mascullar un pastelillo de hojaldre.

Moragas se había quedado pensativo.

-¿Dice usted que esa mujer?...

-¡Como usted la ve! Por ahora, en rigor, es prematuro todo cuanto se diga; y, sin embargo, apostaría yo mi toga a que fue ella.

1. O xuíz establece xuízos razoados e probados en contra da acusada? Razoa a túa resposta con exemplos concretos extraídos do texto.

2. Localiza expresións coloquiais que mostren os prexuízos de Moragas.

3. Por que a autora opta aquí polo estilo directo en lugar dunha descrición do narrador?

ACTIVIDADE 7 (2 sesións)

Propoñemos introducir esta actividade centrada no traballo sobre a violencia de xénero a través da obra de Emilia Pardo Bazán cunha actividade inicial motivadora. Comezaremos por explicar como Emilia Pardo Bazán creou o termo "*mujericidio*" e como con anterioridade eses crimes recibían o nome de "crimes pasionais" ou "crimes de honra". Poderemos tamén sinalar cal era o castigo que recibían no código penal e como Emilia Pardo Bazán escribiu activamente na prensa da época tentado cambiar a situación. Esta reflexión ten un grande interese para a lingua, pois fainos pensar no poder que ten para modular os nosos pensamentos e modificar a realidade. A partir de aí formularemos a seguinte actividade: o alumnado deberá reflexionar individualmente sobre un aspecto que non lle guste da nosa sociedade, algo que quererría cambiar (podería ser algo que o implique persoalmente, como certas visións estereotipadas da adolescencia etc.) e propoñerase que invente un termo para designar iso que o molesta e que podería contribuír a cambiar a situación. Posibles exemplos do que poderiamos esperar como propostas serían: adultocracia, adolescentefobia. Se ten o concepto pero non atopan o modo de xerar unha palabra asociada poderase facilitar formantes grecolatinos útiles para ese efecto (filo, fobia, mis, eu, cracia...). En suma, trátase de que poña en práctica o coñecemento da lingua respecto aos procedementos de formación de palabras, dun modo que atenda tamén ao poder dos neoloxismos para conformar as novas realidades ou percepcións. Tras uns minutos, poderán recollerse no encerado as propostas e seleccionar, colectivamente, aquelas que parezan mellores pola súa forza expresiva e pola idea que conteñen.

Tras esta actividade, volverá poñer o foco no termo "mujericidio", acuñado por Pardo Bazán, e lerase colectivamente o fragmento dun artigo de prensa no que ela analiza a escalada da violencia de xénero en *La ilustración artística* no ano 1907:

[É]l alza la mano y descarga bofetón redondo... Ella titubea, llora, luego ríe..., ni siquiera pide auxilio: el bofetón estaá en el programa. Y ese bofetón es el preludio de lo que vendrá más tarde, en una hora de exasperación brutal de celos o de soberbia: es el anticipo del navajazo feroz, del estrujón de nuez que rompe el cartílago, del puntapié que desgarra las entrañas, del palo que abre el cráneo, del proyectil que se incrusta en la masa encefálica... ¡Va tan poco del primer maltrato al crimen! La bofetada anuncia la muerte; las emplazadas, sin embargo, media hora después de haber recibido en la mejilla el golpe y el insulto, se cuelgan del brazo del ofensor y se van con él a celebrar los chistes de una obreja teatral, donde quizás ven reproducida, en broma, la escena en que acaban de ser protagonistas...".

Introduciranse a continuación outros tres termos, frecuentes na actualidade, pero que non se usaban na época de Pardo Bazán: "micromachismos", "empoderamento" e "sororidade". Pedirase que os expliquen e exemplifiquen. Posteriormente lerase en grupo o fragmento seguinte de "El indulto" para exemplificar a sororidade a partir dun conto de Pardo Bazán:

Cuando nació el hijo de Antonia, ésta no pudo criarlo, tal era su debilidad y demacración y la frecuencia de las congojas que desde el crimen la aquejaban. Y como no le permitía el estado de su bolsillo pagar ama, las mujeres del barrio que tenían niños de pecho dieron de mamar por turno a la criatura, que creció enclenque, resintiéndose de todas las angustias de su madre. Un tanto repuesta ya, Antonia se aplicó con ardor al trabajo, y aunque siempre tenían sus mejillas esa azulada palidez que se observa en los enfermos del corazón, recobró su silenciosa actividad, su aire apacible.

¡Veinte años de cadena! En veinte años -pensaba ella para sus adentros-, él se puede morir o me puedo morir yo, y de aquí allá, falta mucho todavía.

La hipótesis de la muerte natural no la asustaba, pero la espantaba imaginar solamente que volvía su marido. En vano las cariñosas vecinas la consolaban indicándole la esperanza remota de que el inicuo parricida se arrepintiese, se enmendase, o, como decían ellas, «se volviese de mejor idea». Meneaba Antonia la cabeza entonces, murmurando sombríamente:

-¿Eso él? ¿De mejor idea? Como no baje Dios del cielo en persona y le saque aquel corazón perro y le ponga otro...

Y, al hablar del criminal, un escalofrío corría por el cuerpo de Antonia[1].

Para terminar a sesión, distribuirase un conto centrado na violencia de xénero a cada un dos grupos xa establecidos na actividade anterior. Os contos, dispoñibles en Cervantes virtual poderán subirse á aula virtual para que poidan lelos na casa, de modo que ao comezo da seguinte sesión poidan primeiro comentalos nos pequenos grupos e despois realizar unha

1. O relato enteiro está dispoñible en http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/cuentos-de-marineda--0/html/fee32eac-82b1-11df-acc7-002185ce6064_3.html#I_10_. Se escuchar el audio en http://www.cervantesvirtual.com/obra/el-indulto--1/

posta en común coas mesmas pautas que na actividade anterior. Neste caso, o portavoz do grupo deberá ser diferente ao da ocasión anterior. Os contos que se propón empregar nesta actividade —o número poderá variar en función do número total de alumnos—, son:

- "El indulto" (1883)
- "Apólogo" (1898)
- "La puñalada" (1901)
- "Vampiro" (1901)
- "Sin pasión" (1909)
- "Entre humo" (1911)
- "Las medias rojas" (1915)

Na breve exposición oral atenderase aos aspectos narratolóxicos, como desde que punto de vista se narra, en que espazo e tempo se sitúa ou quen son os personaxes principais e unha breve caracterización para, a continuación, poñer o foco na dimensión de xénero e como se plasma a violencia no relato.

No peche desta sesión, pode introducirse xa a tarefa final da unidade: a elaboración dun texto de creación que elixa unha dimensión da violencia de xénero e a plasme nun relato, tal como fixo Pardo Bazán, pero traendo o tratamento e o contexto ao momento e situación actual. Deste xeito, o alumnado poderá xa ir definindo, ao longo destas sesións, o aspecto central en que quere centrarse e os elementos da trama que poderían darlle expresión.

ACTIVIDADE 8

Actividade de investigación (1.º de BAC)

Propoñemos centrar a actividade de investigación para o alumnado de 1.º de BAC na noción de "destino propio", tan cara a Pardo Bazán, que rexeitaba o "destino relativo", isto é, que a realización da muller se leve a cabo a través da familia e a maternidade. Introducirase a actividade a través da lectura colectiva e a posta en común de dous textos, un de índole literaria e outro de prensa:

> *¿Para vosotros, farsantes, no soy persona? ¿Qué os decía yo en el café? Que si llegase el momento de afirmar igualdades, seríais como los otros, como los burgueses: igual. ¡Si lo sabía! Pues de otro modo, ¿qué necesidad tenía de disfrazarme? (...) Ni a vosotros os importa la humanidad, ni pensáis sino en vuestro egoísmo. Las mujeres, para instrumento, para divertiros, para pegarles, para que os guisen... ¡Nos queréis por esclavas!*
>
> *"Lo de siempre",* Emilia Pardo Bazán

> *Yo he visto a las mujeres, en mi tierra, segando, cavando, cargando el carro, pisando el tojo, juntando el estiércol, trabajando en obras públicas, chapuzadas en agua hasta el muslo, partiendo piedra, sin que nadie les preguntase si estaban encinta o lactando –particularidad que tanto preocupa a los que se aterrorizan ante la hipótesis de que una diputada llevase en su seno un animado germen de humanidad–. Yo las he visto haciendo oficio de mozos de cordel en las estaciones, porteando baúles; yo las he visto (no digan que es hipérbole) ayudando a tirar de una carreta. Todo esto pueden hacerlo con libertad absoluta, y ni se hunde el firmamento ni tiemblan las esferas, interrumpiendo su armonioso giro. Lo que haría rasgarse el velo del templo y abrirse en los peñascos cada grieta atroz sería que una mujer se sentase en una oficina a despachar expedientes, o en la sala de sesiones de un ayuntamiento a deliberar, como sucede ahora en el Estado de Kansas. Porque es harto sabido que estas funciones las desempeña el hombre con tal puntualidad, actividad, legalidad y maestría que no acertaría la mujer de sustituirle ni el espacio de una hora.*

Para profundar no tratamento deste tema na produción de Pardo Bazán propoñerase ao alumnado —postos á súa disposición a través da aula virtual— os seguintes contos, nos que o punto común é que os seus protagonistas aspiran a unha independencia e a un desempeño profesional:

- "Casi artista": http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/casi-artista--0/html/ffb53d3e-82b1-11df-acc7-002185ce6064_2.html
- "Las medias rojas": http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/cuentos-de-la-tierra--0/html/dcb42d82-2dc6-11e2-b417-000475f5bda5_2.html

- "Los huevos arrefalfados": http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/cuentos-nuevos--0/html/fee33708-82b1-11df-acc7-002185ce6064_3.html#I_33_
- "Aire": http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/aire--0/html/ffb44532-82b1-11df-acc7-002185ce6064_2.html
- "Apólogo": http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/cuentos-de-amor--0/html/fee33ed8-82b1-11df-acc7-002185ce6064_3.html#I_39_
- "En el pueblo": http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/en-el-pueblo--0/html/ffb8db60-82b1-11df-acc7-002185ce6064_2.html
- "La puñalada": http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/cuentos-dramaticos--0/html/fee35684-82b1-11df-acc7-002185ce6064_3.html#I_25_
- "Lo de siempre".

Facilitarase a seguinte cita como introdución ao concepto de "Nova Muller", tan presente na literatura do século XIX e cuxa designación foi acuñada por Sarah Grand e popularizada por Henry James. Gail Finney, nun libro sobre o teatro a finais do século XIX, descríbea así:

> *[La] Nueva Mujer procura la autorrealización y la independencia, a menudo optando por el trabajo como forma de sustento. Suele esforzarse por la igualdad en sus relaciones con los hombres, intentando eliminar la doble vara de medir que moldeaba las costumbres sexuales de la época siendo, en general, más directa sobre su sexualidad que la antigua mujer. Desalentada por las actitudes masculinas o por la dificultad para combinar matrimonio y carrera, a menudo decide permanecer soltera; simultáneamente, otorga un valor creciente a las relaciones con otras mujeres (este nuevo énfasis literario en la solidaridad femenina va en paralelo al crecimiento en la vida real del asociacionismo femenino). Más aún, la Nueva Mujer tiende a poseer una buena educación y a leer mucho. Aunque no necesariamente sufragista, es probable que esté más interesada en la política que la mujer convencional. Finalmente, la Nueva Mujer es físicamente vigorosa y enérgica, y prefiere ropas confortables al atuendo restrictivo que suelen vestir las mujeres de su tiempo. A menudo lleva el pelo corto, monta en bicicleta y fuma cigarrillos —todo ello considerado una osadía para las mujeres en el cambio de siglo. Significativamente, a pesar de todo, el destino último de la Nueva Mujer de ficción es frecuentemente la histeria o algún otro desorden nervioso, enfermedad física o incluso la muerte, a menudo por suicidio, reflejando su final desgraciado el hecho de que la sociedad simplemente no estaba preparada para acoger sus nuevas formas de ser.*

Deste xeito, proponse que o alumnado analice a selección de contos de Emilia Pardo Bazán á luz do concepto de "Nova muller", e que identifique as invariantes que caracterizan as

protagonistas dos contos seleccionados. Unha posible estrutura que se podería propoñer para facilitar a realización é a seguinte:

1. O concepto de "Nova muller"

2. Análise dos trazos da "Nova muller" nos relatos de Pardo Bazán:

    2.1. Autorrealización e independencia

    2.2. Modos de relación cos homes

    2.3. Vínculos de solidariedade entre mulleres

    2.4. Aprendizaxe e lectura

    2.5. Interese por aspectos sociais e colectivos

    2.6. Vestimenta e actitudes transgresoras

    2.7. Consecuencias das súas actitudes e resposta social

3. Conclusións

A análise debe incluír cuestións narratolóxicas (modalización, punto de vista, tipo de narrador, personaxes...) así como lingüísticas (léxico empregado, campos semánticos) que deberán ser interpretadas con relación á intencionalidade do autor e o tema tratado.

12. ADAPTACIÓN POR NIVEIS DE COMPETENCIA

A formulación desta unidade ten unha flexibilidade que permite facilmente a súa adaptación por niveis de competencias. Do mesmo xeito que a súa aplicación é posible tanto en 4.º da ESO como en 1.º de BAC, potenciando neste segundo nivel o traballo de investigación, con lixeiras modificacións o profesorado poderá adaptala a distintos niveis de competencia e á atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Pensando na necesidade específica de apoio educativo que afecta especialmente a competencia en comunicación lingüística, é dicir, a dislexia, púxose atención na dispoñibilidade de audios dalgúns dos textos cos que se traballa. Así, por exemplo, incluíuse a ligazón ao audiotexto de "El indulto". Proponse, pois, favorecer que este alumnado poida acceder ao texto en formato audio, para o que na distribución dos relatos aos distintos grupos debe facerse tendo en conta esta variable. Ademais, e de acordo co protocolo de dislexia aprobado pola Xunta de Galicia a finais de 2019, destacamos para a adaptación da presente unidade ao alumnado disléxico os seguintes aspectos:

- Proporcionar os textos escritos que se empreguen nun papel que non xere excesivo contraste (mellor beixe que branco, ou papel reciclado que papel normal) nunha tipoloxía de letra clara (sarakanda ou arial) en tamaño 12 ou 14 (preferiblemente 14) e con espazo entre liñas. A subida do material (relatos, textos, ligazóns web...) á aula virtual que se propón ao longo da unidade, facilita a este alumnado a posibilidade de decidir o modo de impresión en canto a estes factores que resultan decisivos para o seu procesamento lector e cognitivo.

- A subida do material con antelación, como se propón ao longo da unidade, facilítalle a este alumnado dispoñer dos textos con antelación, para poder lelos ao seu ritmo e sen presión.

- As rúbricas presentadas na unidade deberán adaptarse ás necesidades específicas deste alumnado, especialmente nos aspectos de corrección na produción escrita, manterán diferenciada a ortografía regrada e arbitraria na corrección e flexibilizarán a penalización por cuestións ortográficas, de acordo coas pautas recollidas no protocolo para a intervención socioeducativa da dislexia:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2020/01/29/be180bd5eb5cf3f86add2dc5a33b41ff.pd

Para a atención a outras necesidades específicas de apoio educativo que poidan presentarse na aula na que se implemente esta unidade, resumimos sucintamente algunhas pautas que

deberán ser particularizadas con atención aos diversos aspectos recollidos nos respectivos protocolos:

- É esencial prestar atención á distribución na aula e á organización dos grupos, e buscar sempre o apoio e a empatía que lle poida prestar a este alumnado o resto do grupo.

- O grupo ou os grupos en que se integre este alumnado deberán ter unha colocación preferente na aula, preto do profesor, para facilitar o seguimento e apoio durante a realización das actividades.

- Os grupos de traballo, especialmente nos que se integre este alumnado, terán carácter estable, e procurarán proporcionar o ambiente estruturado, predicible e fixo que lle proporciona tranquilidade a este alumnado. Así, no protocolo para o tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro autista recóllese a seguinte pauta para as prácticas de aula: "a utilización de estratexias de moderación por parte do profesorado, coidando o encadeamento das situacións ou propostas de aprendizaxe". Para iso tamén se explicará con anticipación como se vai a desenvolver a unidade, e utilizarase unha linguaxe clara e sen dobres sentidos. Para unha maior concreción nas pautas de adaptación, recoméndase a consulta dos respectivos protocolos:

http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764

Respecto ao alumnado con altas capacidades intelectuais, esta unidade didáctica conta cun gran potencial. Recollemos algunhas das pautas para o traballo con este alumnado do protocolo para a atención educativa do alumnado con altas capacidades intelectuais da Xunta de Galicia e establecemos as conexións coa presente unidade:

- Proponse no protocolo a potenciación do diálogo e a comunicación, "dedicando tempo na aula á reflexión oral —grupal e individual—, a facer preguntas, a formular hipóteses etc.". Esta é unha metodoloxía básica na presente unidade, especialmente na parte centrada na análise sociolóxica dos textos de Pardo Bazán respecto ao seu tratamento da cuestión de xénero.

- Indícase, así mesmo, neste protocolo que se potencie o papel do profesor como mediador, se favoreza que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe e que se "compaxinen actividades propostas (...) con outras de libre elección do alumnado". Esta é tamén unha aposta da unidade didáctica que aquí se presenta, que entendemos que será motivadora e estimulante para o alumnado con altas capacidades intelectuais, que ademais podería resultar enriquecedor, coas súas ideas e contribucións, ás postas en común, debates e intercambio de ideas.

- Incítase no protocolo para posibilitar o acceso do alumnado a "múltiples materiais e fontes de información" e a impulsar "proxectos que potencien a creatividade e induzan situacións de aprendizaxe nas que o alumnado poida enfrontarse a problemas aplicando

orixinalidade, fluidez e flexibilidade, logrando múltiples solucións" e que se "reforce a creatividade, o pensamento diverxente e a iniciativa emprendedora". Todo iso cúmprese nas tarefas de taller de escritura propostas e de traballo de investigación, que admiten distintos graos de execución, pero que poden constituír, sen dúbida, "retos intelectuais complexos", como recomenda o protocolo para este tipo de alumnado.

13. RÚBRICA DE AVALIACIÓN

	NIVEL 1 (ata 25%)	NIVEL 2 (ata 50%)	NIVEL 3 (ata 75%)	NIVEL 4 (ata 100%)
Actividade 1	Mostra unha actitude pasiva durante a exposición e presentación dos contidos. Non manifesta esforzo por responder as actividades e non achega respostas reflexionadas nin elaboradas (erros lingüísticos, escaso ou nulo desenvolvemento, desinterese...).	Mostra un mínimo interese durante a presentación dos contidos. Apenas contribúe na posta en común. As respostas ás preguntas de coñecemento e investigación teñen un mínimo de extensión, pero presentan erros lingüísticos e non desenvolve as ideas.	Mostra interese durante a presentación dos contidos. Intervén oralmente ou, polo menos, a súa actitude é de participación e escoita activa. Elabora as respostas, tanto de coñecementos como de investigación, con interese. Coida a lingua e dá certo desenvolvemento ás ideas.	Mantén escoita activa durante a exposición dos contidos. Participa activamente na posta oral en común sobre os contidos. As súas intervencións orais son adecuadas e eficaces. Destaca nas súas respostas unha boa selección do coñecemento, un bo tratamento da información e de fontes. Redacta con corrección lingüística, boa estruturación e presentación de ideas.
Actividade 2	Mostra unha actitude pasiva durante a presentación das imaxes. Non intervén, non observa nin analiza. Non manifesta reflexión ou curiosidade.	Participa no descubrimento en grupo, pero apenas contribúe á posta en común. As súas achegas son puramente descritivas e non analíticas. Manifesta un rexistro oral pouco adecuado.	Participa activamente no descubrimento en grupo. Non só describe, senón que tamén deduce e analiza. As súas intervencións son pertinentes e elaboradas.	Participa activamente no descubrimento en grupo. Destaca polo seu carácter analítico, contrastivo e de comparación. Aplica eficazmente os seus coñecementos previos. As súas intervencións orais son adecuadas, pertinentes e elaboradas.
Actividade 3/6	Mostra unha actitude desinteresada durante a lectura e o intercambio sobre os textos. Non responde as cuestións nin participa na posta en común posterior.	Mostra un mínimo de interese e atención á lectura e o intercambio de ideas. Le superficialmente os textos e responde superficialmente as cuestións, sen mostrar carácter analítico.	Mostra unha actitude activa e participativa durante a lectura e o comentario. Responde as cuestións de forma analítica e cun emprego da lingua escrita adecuado e correcto.	Mostra unha actitude activa e participativa durante a lectura e o comentario. Aplica os coñecementos previos, responde as cuestións con sentido crítico, rigorosidade e de forma analítica. Destaca por un emprego da lingua escrita adecuado, correcto e elaborado.

	NIVEL 1 (hasta 25%)	NIVEL 2 (hasta 50%)	NIVEL 3 (hasta 75%)	NIVEL 4 (hasta 100%)
Actividade 4	Mostra unha actitude desinteresada durante a lectura e o intercambio sobre o texto. Non responde as cuestións nin participa na posta en común posterior. Non mostra interese polo mapa nin pola localización de espazos.	Mostra un mínimo de interese e atención á lectura e ao intercambio de ideas. Le superficialmente o texto e responde superficialmente as cuestións, sen mostrar carácter analítico. Localiza os espazos que coñece sobre o mapa, pero non mostra interese por coñecer os demais.	Mostra unha actitude activa e participativa durante a lectura e o comentario. Responde as cuestións de forma analítica e cun emprego da lingua escrita adecuado e correcto. Localiza correctamente os espazos da actividade, pero non interpreta por completo as vinculacións entre personaxe/obra e espazo.	Mostra unha actitude activa e participativa durante a lectura e o comentario. Aplica os coñecementos previos, responde as cuestións con sentido crítico, rigorosidade e de forma analítica. Destaca por un emprego da lingua escrita adecuado, correcto e elaborado. Localiza correctamente os espazos no mapa e interpreta con espírito crítico os vínculos entre personaxe/obra e espazo.
Actividade 5	Mostra unha actitude pasiva durante a lectura en grupo reducido e non intervén na posta en común. Non fai ou é claramente insuficiente a reflexión/ comentario crítico (erros lingüísticos, escaso ou nulo desenvolvemento, desinterese...).	Participa na tarefa de grupo, pero apenas contribúe na posta en común. A reflexión/ comentario crítico ten un mínimo de extensión, pero presenta erros lingüísticos e non desenvolve as ideas.	Participa na tarefa de grupo e participa na posta en común. Intervén oralmente ou polo menos a súa actitude é de participación e escoita activa. Elabora a reflexión/ comentario crítico con interese e coida a lingua e dálle certo desenvolvemento ás ideas.	Participa na lectura en grupo do texto asignado e a posta en común. Mostra unha actitude activa na posta oral en común sobre os aspectos en que conflúen os textos. As súas intervencións orais son adecuadas e eficaces. Redacta unha boa reflexión/ comentario crítico: con corrección lingüística, boa estruturación e presentación de ideas.
Actividade 7	Mostra pasividade e non xera un neoloxismo ou faino como puro trámite, imitando os exemplos ou os neoloxismos doutros compañeiros. Non le o relato asignado nin participa na posta en común na aula.	Tenta producir un neoloxismo, aínda que ten dificultades para atopar algo orixinal e recorre en exceso á imitación de modelos. Le o relato asignado, pero apenas achega na posta en común e mostra unha actitude pasiva.	Produce un neoloxismo e participa na elección das mellores propostas. Le o relato e participa na posta en común sobre os aspectos vinculados á violencia de xénero, e achega ideas propias e comentarios sobre os relatos.	Mostra creatividade e motivación na xeración dun neoloxismo, participa na elección das mellores propostas con bo xuízo crítico. Le o relato asignado e expresa ideas propias e interesantes na posta en común, mostra capacidade de análise e interese por temas sociais e a súa plasmación literaria. As intervencións orais son correctas e expresadas nun rexistro formal.

	NIVEL 1 (hasta 25%)	NIVEL 2 (hasta 50%)	NIVEL 3 (hasta 75%)	NIVEL 4 (hasta 100%)
Actividade 8	Mostra pasividade e desinterese durante a lectura e o intercambio sobre os textos de Insolación e non le o relato "La novia fiel" nin participa no debate posterior.	Mostra un mínimo de interese e atención á lectura e o intercambio dos fragmentos de Insolación. Le superficialmente "La novia fiel" e participa escasamente no debate.	Mostra unha actitude activa e participativa durante a lectura e comentario dos fragmentos de Insolación, le "La novia fiel" e intervén no debate, achegando ideas e xuízos propios.	Mostra interese e capacidade de análise crítica durante a lectura e comentario dos fragmentos de Insolación , le "La novia fiel" e participa no debate, e contribúe con ideas propias e capacidade de análise crítica e cun uso eficaz da linguaxe, nun rexistro formal.
Taller literario	Non escribe o relato ou realiza un relato breve, con escaso desenvolvemento de trama e insuficiente caracterización dos personaxes e mostra erros lingüísticos, de inserción de diálogos e manexo doutros aspectos: non hai descrición nin forza narrativa. Non respecta a pauta de escritura.	Realiza un relato cun mínimo de extensión e caracterización. Aborda o tema de igualdade. Mostra certa torpeza no uso da linguaxe e dificultades no manexo dos aspectos da construción narrativa.	Escribe un relato que responde á pauta de escritura, cun uso correcto da linguaxe. Dálle unha certa extensión e os personaxes están caracterizados. Insire ben o diálogo, seguindo as convencións do diálogo narrativo ou dun modo literariamente efectivo.	Escribe un relato que responde á pauta de escritura, que plasma narrativamente un aspecto de desigualdade, con bo manexo da linguaxe, sen erros ortográficos nin de construción narrativa, e que resulta literariamente interesante, atractivo e/ou orixinal na súa formulación.
Traballo de investigación	Non respecta as convencións de presentación dun traballo de investigación: non inclúe bibliografía, ou índice, non establece ben as epígrafes, non respecta o rexistro formal, non cita adecuadamente e non hai un desenvolvemento de ideas. Copia ou plaxia ou mostra non ler os relatos.	Alcanza uns mínimos de presentación e desenvolvemento aínda que mostra algunhas deficiencias na estruturación, citación bibliográfica ou desenvolvemento de ideas. A lectura e análise acusa certa superficialidade e hai dificultades na elaboración lingüística do traballo.	Cumpre as pautas propias deste tipo de traballos: estruturación, índice, bibliografía, procedementos de citación. Mostra ler os relatos e desenvolve ideas ao redor das epígrafes suxeridas, cunha redacción propia, aínda que con algunhas limitacións.	O traballo está ben exposto e estruturado: conta con índice, epígrafes, cita adecuadamente as fontes e identifica ben as citas literais, desenvolve ideas propias con boa execución lingüística, inclúe bibliografía. As ideas expostas son persoais e interesantes, froito da análise dos textos.

14. SELECCIÓN DE BIBLIOGRAFÍA SECUNDARIA

Aleixandre, M. y M. López Sández (2021). *Movendo os marcos do patriarcado. O pensamento feminista de Emilia Pardo Bazán.* Vigo: Galaxia.

Bieder, M. (1998). *"Emilia Pardo Bazán y la emergencia del discurso feminista"*. En Iris M. Zavala (coord.) *Breve historia feminista de la literatura española* (en lengua castellana). *La literatura escrita por mujer* (Del siglo XIX a la actualidad) Vol. V, Barcelona, Anthropos, pp. 75-110.

Bravo Villasante, C. (1962). *Vida y obra de Emilia Pardo Bazán*. Madrid: Revista de Occidente.

Burdiel, I. (2019). *Emilia Pardo Bazán*. Barcelona: Taurus / Fundación Juan March.

Clemessy, N. (1973). *Emilia Pardo Bazán como novelista (de la teoría a la práctica), 2 vols.* Madrid: Fundación Universitaria Española, 1981. Trad. de I. Gambra.

Díaz Lage, S. e J. M. González Herrán (2016). *Leyendo a Emilia Pardo Bazán en el aula.* Santiago de Compostela: Andavira.

Faus, P. (2003). *Emilia Pardo Bazán. Su época, su vida, su obra. 2 vols*, A Coruña. Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Gabriel, N. de (2018). *"Emilia Pardo Bazán, las mujeres y la educación. El Congreso Pedagógico* (1892) *y la Cátedra de Literatura* (1916)". Historia y Memoria de la Educación 8: 489-525.

González Herrán, J. M. (1998). *"Emilia Pardo Bazán ante el 98 (1896-1905)"*, en L. Romero Tobar (coord..), *El camino hacia el 98:* (los escritores de la restauración y la crisis del fin de siglo). Madrid: Visor.

— (2008). *"La emancipación de una mujer de letras: Emilia Pardo Bazán (1889-1892)"*, en P. Fernández y M.-L. Ortega (eds.), *La mujer de letras o la letraherida. Discursos y representaciones sobre la mujer escritora en el siglo XIX*, Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, pp. 345-363.

González Herrán, J. M. e J. R. Saiz Viadero (2004). *"Dos cuentos de Emilia Pardo Bazán recuperados de la prensa santanderina"*. La Tribuna, 2, 359–366, p. 363.

Grupo de Investigación La Tribuna (2011). *«La trágica muerte de Joaquina Mosquera Ribera, abuela de Doña Emilia. Un secreto familiar desvelado»*. La Tribuna, 8, 15–56.

Noya Taboada, R. (2016). *La violencia en los cuentos de Emilia Pardo Bazán*. Tesis doctoral, Universidade de Santiago de Compostela.

Varela Jácome, B. (1973). *Estructuras novelísticas de Emilia Pardo Bazán*. Santiago de Compostela: Cuadernos de Estudios Gallegos.

Unidade didáctica Emilia Pardo Bazán

Autoría: Arantxa Fuentes Ríos y María López Sández

Edita: Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Depósito legal: C 764-2021

galicia

XUNTA
DE GALICIA